

ESTANDARIZACIÓN de coidados de enfermería *ao paciente* inmobilizado no domicilio

Edición bilingüe

XUNTA DE GALICIA



ESTANDARIZACIÓN de coidados de enfermería *ao paciente* inmobilizado no domicilio

AUTORES

Arias Vázquez, Juan M.
Blanco Rial, M.ª Luisa
Constenla Castro, Aurelia
Fernández Fernández, Manuel V.
Fernández Rodríguez, M.ª Teresa
Gil Campelo, Ángeles
Hermelo Millán, Xoán Xosé
Núñez Fernández, M.ª Victoria
Pérez Herráiz, Félix
Rodríguez Iglesias, F. Javier
Souto Fernández, Estela M.ª
Varela Leirado, Mercedes

Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade. Servizo Galego de Saúde
División de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela, 2005

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade

Deseño e maquetación:
Ofelmaga, s.l.
Telf. 981 806 669

Imprime:
Ofelmaga, s.l.

Depósito Legal:
C-2960/2005

ISBN:
98-453-4153-7

PRESENTACIÓN

Sempre é agradable para unha conselleira presentar un libro. Pero neste caso é especial xa que estamos a falar dun manual que permitirá estender a calidade dos coidados de enfermaría a domicilio a todos os profesionais que traballan nesta área tan ampla, relevante e con tanto futuro.

O primeiro que sorprende deste libro é a variedade de coidados, a abordaxe desde distintos puntos de vista dun paciente ao que non lle podemos negar a súa dignidade. É un libro que se ocupa do corpo das persoas, pero tamén da dignidade dos nosos pacientes, e que ao mesmo tempo repercute no persoal de enfermaría, cada vez máis profesionalizado e cada vez máis valorado pola poboación galega.

Nesta publicación podemos atopar consellos para a educación en saúde, para mellorar os autocoidados, para axudar o coidador dun enfermo encamado, un aspecto que temos que potenciar, xa que só coñecendo as enfermidades, poderemos previlas. E debemos lembrar que a prevención é un dos obxectivos de calquera dos servizos de sanidade. Do noso tamén.

Con este recoñecemento ao labor do persoal de enfermaría e aos coidadores dos pacientes que reciben asistencia no seu domicilio, pídoche que nos axudes a enriquecer este libro co teu traballo e as túas experiencias para próximas edicións.

María José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

PRÓLOGO

A atención domiciliaria non é unha novidade na historia da medicina. Ata o século pasado a maior parte dos actos médicos desenvolvíanse no domicilio do paciente e os hospitais só eran para os pobres e desahuciados.

O desenvolvemento de novas técnicas e coñecementos, así como os cambios culturais e sociais do século XX, deron a volta a esta situación convertendo o hospital no referente para atender os temas de saúde, dándose o paradoxo de que nalgúns países a atención no domicilio quedou para os pobres e desahuciados.

Esta non é nosa situación, na actualidade, o progresivo envellentamento da poboación, a maior esperanza de vida e a saturación dos recursos hospitalarios, fan que moitos pacientes incapacitados, que non precisan coidados e tratamentos especiais permanezan no seu domicilio ao coidado das súas familias, xogando a atención primaria, e máis concretamente as enfermeiras e enfermeiros da atención primaria, un papel clave para que os coidados destes pacientes sexan axeitados e melloren a súa calidade de vida e a dos seus familiares.

Dende esta perspectiva, os profesionais da atención primaria, comprometidos co benestar dos pacientes e das súas familias, debemos prestar una especial atención a estas delicadas e problemáticas doenzas, porque son momentos moi críticos que suscitan grandes necesidades tanto de apoio profesional como humano. E non só iso, se queremos estar á altura das circunstancias, temos que establecer como prioritaria unha formación permanente neste campo.

O compromiso que se adquire pode asustar e amedrentar a calquera, xa que nos enfrontamos, a maioría das veces, a situacións que se caracterizan pola non resolución do padecemento. Isto ademais de supoñer unha carga de traballo adicional, conleva unhas implicacións profesionais e emocionais, que ás veces se confunden, o que supón un reto para a madureza, e profesionalidade dos profesionais sanitarios.

En Galicia, cunha das taxas maiores de avellentamento tanto a nivel nacional como comunitario, engádense outras circunstancias como é o espallamento da poboación en moitos pequenos núcleos rurais, a inmigración da xente nova aos núcleos urbanos, e o desmantelamento da estrutura familiar galega, que fan que os coidados asistenciais destes pacientes recaian cada vez máis nos centros de saúde , co conseguinte consumo de recursos e tempo, sendo cada vez máis necesario ter unha planificación desta actividade.

A Consellería de Sanidade, consciente desta necesidade, vén de propoñer, entre as súas directrices de política sanitaria, un Plan de atención sanitaria a pacientes/doentes dependentes e con patoloxías crónicas que ten como finalidade acadar solucións adaptadas que proporcionen unha asistencia adecuada á situación e que contribúan a mellorar a calidade de vida dos doentes.

Esta guía é unha axuda neste labor. É o resultado dun esforzo en atopar a forma máis eficaz na planificación dos coidados de enfermaría destes pacientes, e dalgún xeito, de comprendelos e apoialos sen esquecer que cada paciente é un mundo, e unha historia diferente.

Pablo Vaamonde Garcia
Director Xeral da División de Asistencia Sanitaria

AUTORES

Arias Vázquez, Juan M.
Blanco Rial, M.ª Luisa
Constenla Castro, Aurelia
Fernández Fernández, Manuel V.
Fernández Rodríguez, M.ª Teresa
Gil Campelo, Ángeles
Hermelo Millán, Xoán Xosé
Núñez Fernández, M.ª Victoria
Pérez Herráiz, Félix
Rodríguez Iglesias, F. Javier
Souto Fernández, Estela M.ª
Varela Leirado, Mercedes

Coordinador:
Rodríguez Iglesias, F. Javier

COLABORADORES

Bahamonde Sánchez, Mercedes
Barreiro Pombo, Gerardo
Brenlla Ameijeiras, Dolores
Calvo Orgeira, M.ª José
Calvo Pérez, Ana Isabel
Carneiro Busto, Elisa
Carro Pérez, Carmen
Casal Osorio, Paz
Castro López, M.ª Nazaret
Conceiro Rúa, Amalia
Fernández Camiñas, José Antonio
Fernández Fernández, Esther
Fernández Paz, José
García Moncada, Nieves
González Rodríguez, Enrique
Grela Pardal, Sara
Noval Cinza, José
Ojea Martínez de la Escalera, Guillermina
Orbán Parapar, Dolores
Orjales Martínez, Carmen
Pías García, María
Ramil Pernas, Herminia
Ramos Sánchez, Teresa
Rodríguez Díaz, Encarna
Rodríguez Pérez, José Manuel
Rubiñán Álvarez, Carmen
Varela Meizoso, M.ª Oliva

AGRADECEMENTOS

Queremos agradecerlles a súa colaboración a todas as persoas que, co seu apoio e entusiasmo, permitiron levar adiante este proxecto.

Grazas, pois, a Elvira Touriño Míguez, de quen partiu esta iniciativa que impulsou decididamente; a Jacinta Álvarez Nieto, que puxo á nosa disposición a súa imprescindible colaboración persoal e os medios para o día a día do noso traballo; a Elena Monteoliva Díaz, por lle dar continuidade e crer neste proxecto; aos asesores e expertos que puxeron á nosa disposición a súa experiencia e coñecementos; a todos os profesionais de enfermería que colaboraron decisivamente nas discusións dos grupos de traballo das diferentes áreas sanitarias que, coas súas achegas, contribuíron a enriquecer enormemente o traballo deste grupo; aos nosos compañeiros dos equipos de enfermería dos respectivos centros de traballo que, cubrindo as nosas ausencias, permitiron que as reunións de traballo puidesen ter lugar.

Tamén queremos agradecer a colaboración do Servizo Galego de Saúde, por apoiar de forma decidida este proxecto, importante para o desenvolvemento profesional da enfermería de atención primaria e pola edición e distribución desta publicación. Agradecer, igualmente, o apoio prestado polas xerencias de atención primaria e, especialmente, as súas respectivas direccións de enfermería, que puxeron os medios necesarios á nosa disposición para acadar finalmente a nosa meta.

ÍNDICE

1. Introdución 13

2. Modo de emprego 15

3. Valoración por Patróns Funcionais de M. Gordon 17
Patrón percepción-control ou manexo da saúde 18
Patrón nutricional-metabólico 19
Patrón eliminación 20
Patrón actividade-exercicio 21
Patrón sono-descanso 22
Patrón cognitivo-perceptivo 23
Patrón autopercepción-autoconcepto 24
Patrón rol-relacións 25
Patrón sexualidade-reprodución 26
Patrón adaptación-tolerancia ao estrés 27
Patrón valores-crenzas 28

4. Diagnósticos propostos 29
Manexo non efectivo do réxime terapéutico 31
Risco de lesión 32
Risco de deterioración da integridade cutánea 33
Deterioración da integridade cutánea 34
Deterioración da integridade tisular 35
Deterioración da deglutición 36
Risco de estrinximento 37
Estrinximento 38
Deterioración da eliminación urinaria 39
Incontinencia fecal 40
Risco de síndrome de desuso 41
Déficit de autocoidado: alimentación 42
Déficit de autocoidado: uso do váter 43
Déficit de autocoidado: vestido/acicalamento 44
Déficit de autocoidado: baño/hixiene 45
Limpeza ineficaz das vías aéreas 46
Deterioración da mobilidade física 47
Deterioración do patrón do sono 48
Dor crónica 49
Coñecementos deficientes (especificar) 50
Deterioración da comunicación verbal 51
Ansiedade 52
Baixa autoestima situacional 53
Risco de soidade 54
Risco de cansazo do rol de coidador 55

Patrón sexual non efectivo 56
Afrontamento non efectivo 57
Risco de sufrimento espiritual 58

5. Anexos

Anexo 1.
Intervencións 61
Adestramento intestinal 63
Alimentación 64
Apoio ao coidador principal 65
Apoio na toma de decisións 66
Apoio espiritual 67
Asesoramento 68
Asesoramento sexual 69
Aumentar o afrontamento 70
Axuda ao autocoidado 72
Axuda cos autocoidados: alimentación 73
Axuda cos autocoidados: aseo 74
Axuda cos autocoidados: baño/hixiene 75
Axuda cos autocoidados: transferencia 76
Axuda cos autocoidados: vestir/arranxo persoal 77
Baño 78
Cambio de posición 79
Coidados de incontinencia intestinal 80
Coidados da incontinencia urinaria 81
Coidados da retención urinaria 82
Coidados das feridas 83
Coidados das úlceras por presión 84
Coidados do paciente encamado 85
Coidados intermitentes 86
Diminución da ansiedade 87
Ensino: individual 88
Ensino: sexo seguro 89
Escoita activa 90
Fomentar a implicación familiar 91
Fomento do exercicio 92
Manexo ambiental 93
Manexo ambiental: seguridade 94
Manexo da eliminación urinaria 95
Manexo da enerxía 96
Manexo da nutrición 98
Manexo das vías aéreas 99
Manexo de presións 100
Manexo da dor 101
Manexo do estrinximento/impactación 103
Manexo intestinal 104
Mellorar a comunicación: déficit auditivo 105
Mellorar a comunicación verbal: déficit da fala 106
Mellorar o sono 107
Modificación da conduta 108
Potenciación da autoestima 109

Potenciación da socialización 110
Precaucións para evitar a aspiración 111
Prevención de caídas 112
Prevención de úlceras por presión 114
Terapia de deglutición 115
Terapia de exercicios: ambulación 116
Terapia de exercicios: mobilidade articular 117
Vestir 118
Vixilancia 119
Vixilancia da pel 120
Vixilancia: seguridade 121

Anexo 2.
Escalas de valoración 123
Escala de Braden 124
Índice de Barthel, modificado 126
Escala de Lawton e Brody 127
Test cognitivo de Pfeiffer 128
Mini-exame cognoscitivo de Lobo 129
Test do informador (TIN) curto 130
Escala de dor EVA 131
Escala de Goldberg 132
Test de Yesavage 133
Escala de sobrecarga do coidador de Zarit 134
Escala Gijón de valoración socio-familiar no ancián 135

Anexo 3.
Valoración de enfermería ao paciente inmobilizado 137

Bibliografía 145

1 INTRODUCIÓN

O envellecemento crecente da poboación é un problema que xera gran preocupación nos gobernos dos países máis desenvolvidos. Este problema xa de por si grave en España alcanzará enormes dimensións a partir do ano 2020 en Galicia, onde a porcentaxe de poboación maior de 65 anos se vai situar arredor do 25%. O envellecemento da poboación produciu un cambio significativo nas patoloxías que padecen os nosos maiores, na súa maioría crónico-dexenerativas. É a partir dos 75 anos cando a dependencia dos coidadores informais ou do sistema sanitario se agudiza, aumenta a demanda de asistencia sanitaria e a amplitude e complexidade dos coidados, o que pon a proba os recursos do sistema sanitario e a resistencia dos coidadores e coidadoras.

Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, en Galicia viven máis de 525.000 persoas de 65 ou máis anos, dos cales uns 57.000 poden considerarse "inmobilizados" (prevalencia estimada do 11%). O Servizo Galego de Saúde define así o concepto de paciente **inmobilizado/a:** "Aquela persoa que pasa a maior parte do seu tempo na cama e que só pode abandonala coa axuda doutras persoas ou ben con dificultades importantes para desprazarse, independentemente da causa, cun tempo previsible de duración superior a dous meses".

Outro factor que convén ter en conta e que vén engadir máis inquietude ao problema é a diminución da dispoñibilidade de coidadores informais. O cambio na estrutura social das familias españolas, e das galegas en particular, como consecuencia do descenso de natalidade, o inevitable fluxo migratorio dos máis novos ás cidades, as desestruturacións familiares e a incorporación crecente da muller ao mundo laboral, xunto á gran dispersión xeográfica da nosa comunidade, contribúen á deterioración do ámbito socioeconómico e dificultan a tarefa de lles proporcionar recursos aos nosos maiores.

É evidente que todas estas circunstancias aumentan a demanda da actividade do profesional de enfermería no domicilio, o que fai necesaria a confección dunha guía que recolla os instrumentos de axuda necesarios que sirvan para que a intervención no paciente inmobilizado en atención domiciliaria se desenvolva dende a perspectiva do rigor metodolóxico e da calidade.

A implantación desta guía e o seu posterior desenvolvemento axudará a:

1. Abordar de forma integral o paciente e o seu coidador ou coidadora.
2. Reducir a actividade "a demanda" nos pacientes inmobilizados, programando as nosas intervencións.
3. Evitar ingresos hospitalarios innecesarios.
4. Avaliar a eficacia dos plans de coidados.

5. Poder implantar modelos de calidade.
6. Mellorar a comunicación entre os profesionais, garantindo a continuidade dos coidados.
7. Facilitar o desenvolvemento profesional.
8. Darlles cumprimento ás recomendacións da Lei 44/2003, de ordenación das profesións sanitarias.

É imprescindible contar tamén coa intervención complementaria e coordinada do traballador ou traballadora social e dos servizos sociais de axuda a domicilio nas actividades de coidado, sen esquecer que os enfermeiros e as enfermeiras somos "convidados" no domicilio do paciente e que o único xeito de asegurar a implicación do coidador ou coidadora nas actividades planificadas é, unha vez valorado o paciente inmobilizado e o seu ámbito, consensuar e nunca impoñer as actividades para realizar, ser realistas nos nosos obxectivos e non esquecer o noso papel de apoio e soporte ao coidador ou coidadora, que é o principal provedor dos coidados.

Con esta guía preténdese proporcionar un único método de traballo cunha linguaxe común e estandarizada que lles facilite aos profesionais enfermeiros a aplicación dunha metodoloxía específica que desenvolva o seu propio campo de coñecementos e habilidades, que lles garanta unha atención de calidade aos usuarios e ás súas familias e que lle permita ao sistema sanitario avaliar a eficacia e a eficiencia dos coidados prestados.

A guía pretende facilitar a elaboración dos plans de coidados individualizados ao paciente inmobilizado seguindo o modelo de enfermería de **Virginia Henderson**, baseado nas necesidades humanas. Na fase de **valoración** empregaríanse os **Patróns Funcionais de Marjory Gordon**, para **diagnosticar** os problemas empregaríase a taxonomía **NANDA**[1], mentras que na fase de **planificación** aplicaríanse as taxonomías **NIC**[2] e **NOC**[3] (*)

Este traballo concentra aqueles diagnósticos de enfermería que consideramos máis utilizados no paciente inmobilizado e, así mesmo, facilita a formulación duns resultados que permitan a avaliación da evolución do paciente.

Intentouse que esta guía sexa práctica, facilitando o seu uso habitual, facéndoa o máis cómoda e manexable posible, seleccionando información da bibliografía referenciada.

Pretendemos animar a todos os enfermeiros de atención primaria de Galicia a traballar con este método organizado para administrar coidados de enfermería; un método que promove a flexibilidade e o pensamento independente e responsable, proporciona unha linguaxe común na práctica enfermeira, unha mellor comunicación entre os profesionais da saúde e axúdanos a ter a satisfacción de conseguir resultados favorables.

---

[1] North American Nursing Diagnosis Association

[2] Nursing Intervention Classification

[3] Nursing Outcomes Classification

*(*) Durante a última década, dous equipos de investigación desenvolveron a **Clasificación de Intervencións de Enfermería (NIC)** e a **Clasificación de Resultados de Enfermería (NOC)**. A **NIC** categoriza, estandariza e describe de forma sistemática todas as actividades que realizan as enfermeiras. A **NOC** nomea, estandariza de forma sistemática e proporciona tests para medir os resultados das intervencións de enfermería efectuadas, facilitando a súa posterior codificación informática.*

2 MODO DE EMPREGO

A continuación, describimos como se estrutura a guía, coa intención de que o seu manexo sexa sinxelo e para que se incorpore ao noso traballo diario e nos facilite o uso da planificación de coidados no paciente inmobilizado:

1. Proponse unha **valoración** utilizando os Patróns Funcionais de Gordon, adaptada ao paciente inmobilizado. Comezarase por aqueles patróns onde se manifesta a alteración de saúde e procederase á exploración completa destes. A continuación, se procede, realizarase a valoración dos patróns indirectamente relacionados cos problemas detectados e, por último, programaranse visitas sucesivas para completar a información que non se puidese recoller nesta entrevista. Nalgúns patróns achegamos determinados tests ou escalas validadas que nos poidan facilitar a valoración.

2. Seleccionaranse aqueles **diagnósticos** de entre os ofertados na guía (recoméndase utilizar os resaltados en negrita por ser os máis relevantes) que reflictan os problemas de saúde que se detectaran realizando a valoración e escolleranse aqueles que se vaian abordar nun primeiro momento, por ser máis prioritarios; en canto aos menos prioritarios, trataranse posteriormente. Cada diagnóstico consta de:
   - Definición.
   - Características definitorias (signos e síntomas)[4].
   - Factores relacionados (causas)[5].

   Iranse seleccionando os datos para que o diagnóstico se adapte ao paciente concreto.


3. A continuación, para cada diagnóstico seleccionarase do grupo de **resultados** aqueles que reflictan mellor o que se pretende conseguir e, dentro de cada resultado, propóñense indicadores para facilitar a avaliación.

4. Seleccionarase a ou as **intervencións** que imos realizar e, dentro de cada unha destas, seleccionaranse as actividades (anexo 1) que mellor se adapten a cada paciente e familia. Terase en conta que en atención domiciliaria as actividades para realizar son, na súa maioría, prestadas polo coidador principal e a familia e que o profesional de enfermería ten como reto a formación e educación sanitaria destes, que son piares fundamentais para obter resultados favorables.

[4] Os diagnósticos de risco carecen deste elemento

[5] Nos diagnósticos de risco este elemento denomínase "Factores de risco"

5. Realizarase unha **avaliación** continua, utilizando os indicadores seleccionados no punto 3. Se os **resultados** non son favorables, analizaranse as posibles causas e modificarase o plan de coidados. A avaliación continuada durante todo o proceso permite a revisión do plan de coidados de enfermería incorporando outras alternativas, cando sexa necesario.



3 VALORACIÓN POR PATRÓNS FUNCIONAIS DE M. GORDON

Patrón percepción-control ou manexo da saúde 18
Patrón nutricional-metabólico 19
Patrón eliminación 20
Patrón actividade-exercicio 21
Patrón sono-descanso 22
Patrón cognitivo-perceptivo 23
Patrón autopercepción-autoconcepto 24
Patrón rol-relacións 25
Patrón sexualidade-reprodución 26
Patrón adaptación-tolerancia ao estrés 27
Patrón valores-crenzas 28

1. PATRÓN PERCEPCIÓN-CONTROL OU MANEXO DA SAÚDE

Definición: Describe o patrón de saúde e benestar percibido polo individuo e como manexa a súa saúde.

Inclúe: - A percepción do individuo do seu estado de saúde e a importancia que lle dá ás actividades actuais e á planificación futura.
- O nivel xeral de comportamentos de coidados de saúde como actividades de promoción de saúde, adherencia a prácticas preventivas de saúde mental e física, prescricións médicas ou enfermeiras e seguimento de coidados.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • As percepcións xerais do individuo. • O manexo xeral de saúde. • Actividades de promoción de saúde. • As prácticas preventivas. • Prescricións médicas ou enfermeiras. • Seguimento de coidados. • Potenciais riscos para a saúde. • Incumprimentos. • Percepcións irreais de saúde ou enfermidade.	**Antecedentes persoais e hábitos tóxicos:** • Enfermidade ou enfermidades que padece. • Alerxias • Hábitos tóxicos: tabaco/alcohol. • Estado das vacinas. • Ingresos hospitalarios. • Tratamentos ou coidados que segue. • Automedicación. **Preguntar e explorar sobre:** • Como se atopa actualmente. • Actividades que realiza para coidar a súa saúde. • Coñecementos que ten da súa enfermidade e dos coidados que precisa. • Sufriu caídas ou accidentes recentemente. • Seguridade no domicilio e barreiras arquitectónicas: escaleiras, alfombras, obstáculos (mobles, xoguetes, etc.), humidade, acceso a baño/ducha, temperaturas extremas (frío, calor), útiles de cociña. • Utiliza material ortopédico e/ou dispositivos de axuda: bastóns, lentes, audiófonos, etc. • Como enfermeiro/a, ¿en que podo axudalo?	• Manexo non efectivo do réxime terapéutico. • Risco de lesión. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

2. PATRÓN NUTRICIONAL-METABÓLICO

Definición: Describe os patróns de consumo de alimentos e líquidos relativo ás necesidades metabólicas e aos patróns indicadores de provisión restrinxida de nutrientes.

Inclúe: - As horas, tipos e cantidade de alimentos e líquidos consumidos, as preferencias e o uso de suplementos.
- As referencias de calquera lesión da pel e a capacidade xeral de cicatrización.
- A condición da pel, pelo, uñas, membranas mucosas e dentes.
- Medida de temperatura corporal, talle e peso.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • Patrón típico de consumo de comida e líquidos. • As necesidades metabólicas en relación co estado da pel e a cicatrización. • Os problemas percibidos polo individuo ou por outros, as accións levadas a cabo para resolver os devanditos problemas e os efectos percibidos de tales accións.	**Parámetros antropométricos:** • Peso, talle, IMC. **Preguntar e explorar sobre:** • Ganancias ou perdas de peso recentes. • Tipo de nutrición: oral, enteral (SNG/catéter), parenteral. • Inxestión típica diaria de alimentos e líquidos. • Restricións ou dietas especiais. • Suplementos. • Apetito: anorexia/bulimia. • Dificultade para mastigar. • Dentición (características e hixiene). • Dificultade para tragar. • Problemas gastrointestinais: náuseas, vómitos, regurxitación, pirose, plenitude, halitose, etc. • Estado da pel, mucosas e anexos: hidratación xeral (signo da dobra cutánea), lesións (características e localización), coloración, temperatura, humidade, etc. • Risco de úlceras por presión. *(Recoméndase valoración con escala de Braden).*	• **Risco de deterioración da integridade cutánea.** • Deterioración da integridade cutánea. • **Deterioración da integridade tisular.** • Deterioración da deglutición. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

3. PATRÓN ELIMINACIÓN

Definición: Describe os patróns de función excretora (intestino, vexiga e pel) dos individuos.

Inclúe: - A regularidade percibida polo individuo da función excretora.
- O uso sistemático de laxantes.
- Calquera cambio ou alteración no patrón do tempo, forma de excreción, calidade ou cantidade.
- O uso de dispositivos para o control da excreción.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • A regularidade e o control dos patróns excretores (intestino, vexiga, pel e deposicións). • As descricións subxectivas, os problemas percibidos polo individuo ou por outros, as explicacións ao problema, as accións levadas a cabo para remedialo e os efectos percibidos por esas accións. • As mostras, próteses, presenza de olores e eliminación de residuos.	**Preguntar e explorar sobre o patrón de eliminación urinaria:** • Frecuencia e características (cantidade, olor, cor, etc.). • Molestias ou dificultades. • Incontinencia/perdas. • Retención. • Uso de sonda vesical (características). • Uso de urocolector (características). • Uso de cueiro/empapador (características). **Preguntar e explorar sobre o patrón de eliminación intestinal:** • Frecuencia e características (cantidade, olor, cor, etc.). • Molestias ou dificultades (hemorroides, fisuras, etc.). • Incontinencias/perdas. • Uso de laxantes, lavativas, outros. • Colostomías e dispositivos recolectores (características). • Uso de cueiro/empapador (características). **Preguntar e explorar sobre sudoración excesiva, secrecións, menstruación, etc.:** • Problemas co olor.	• **Risco de estrinximento.** • Estrinximento. • Deterioración da eliminación urinaria. • Incontinencia fecal. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

4. PATRÓN ACTIVIDADE-EXERCICIO

Definición: Describe o patrón de exercicio, actividade, tempo libre e recreo.

Inclúe: - Os requirimentos de consumo de enerxía das actividades da vida diaria, como hixiene, cociñar, comprar, comer, traballar e mantemento do fogar.
- O tipo, a cantidade e a calidade do exercicio.
- Os déficit neuromusculares e as compensacións, a dispnea, anxina ou cambras co esforzo, así como a clasificación cardiopulmonar.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • O patrón de actividades do individuo que requiren gasto de enerxía. • Os problemas percibidos polo individuo ou por outros. • As accións levadas a cabo para resolver os problemas e os efectos percibidos das devanditas accións. • A detección de prácticas pouco saudables. • A prevención de maiores perdas funcionais.	**Preguntar e explorar sobre:** • Actividades básicas da vida diaria (ABVD): comer, lavarse, vestirse, arranxarse, deambular, uso do váter, etc. *(Recoméndase utilizar o índice de Barthel).* • Actividades instrumentais da vida diaria (AIVD): contar diñeiro, chamar por teléfono, etc. *(Recoméndase utilizar o índice de Lawton e Brody).* • Mobilidade: deambula só ou con axuda, nivel de mobilidade na cama, cadeira/cadeira de rodas, en transferencia; estilo de vida (activo/sedentario), realización de exercicio (activo/pasivo). • Capacidade cardiorrespiratoria: tensión arterial, frecuencia cardíaca e respiratoria, signos de hipotensión ortostática, dispnea, cansazo, edemas, alteracións cardiovasculares, osixenoterapia, etc.	• Risco de síndrome de desuso. • **Déficit de autocoidado: alimentación.** • **Déficit de autocoidado: uso do váter.** • **Déficit de autocoidado: vestido/acicalamento.** • **Déficit de autocoidado: baño/hixiene.** • Limpeza ineficaz das vías aéreas. • Deterioración da mobilidade física. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

5. PATRÓN SONO-DESCANSO

Definición: Describe o patrón de sono, descanso e relax.

Inclúe: - Os patróns de sono e os períodos de descanso-relax ao longo das 24 horas do día.
- A percepción da calidade e da cantidade de sono e descanso e do nivel de enerxía.
- As axudas para durmir (medicacións ou rutina á hora de deitarse).

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • A efectividade do patrón dende a perspectiva do individuo. • A percepción do individuo do descanso e do relax. • A percepción de problemas polo individuo ou outros, as súas explicacións, as accións levadas a cabo e os efectos derivados das accións.	**Preguntar e explorar sobre:** • Se se atopa descansado despois de durmir. • Se ten dificultade para conciliar o sono. • Se esperta frecuentemente. • Se ten dificultade para volver durmir. • Signos e síntomas de sono insuficiente: nerviosismo, ansiedade, irritabilidade crecente, letargo, apatía, bocexos, cambios de postura, etc. • Factores que afectan o sono: propios ou internos (tose, dor, etc.) e alleos ou externos (luz, frío, calor, etc.). • Se ten ritual para o sono. • Se ten períodos de descanso-relax. • Se necesita axuda para durmir. • Se toma hipnóticos ou outros fármacos.	• Deterioración do patrón do sono. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

6. PATRÓN COGNITIVO-PERCEPTIVO

Definición: Describe os patróns sensorio-perceptivos e cognitivos.

Inclúe: - A adecuación dos órganos dos sentidos e a compensación ou prótese utilizada para lles facer fronte aos trastornos.
- As manifestacións de percepción da dor e como se trata esta.
- As habilidades cognitivas funcionais, como a linguaxe, a memoria, o xuízo e a toma de decisións.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • Adecuación da súa linguaxe, habilidades cognitivas e percepción, relativas ás actividades necesarias ou desexadas. • As descricións subxectivas e os problemas percibidos polo individuo ou por outros. • As compensacións para os déficits e a efectividade dos esforzos para compensalos.	**Preguntar e explorar sobre aspectos cognitivos:** • Sabe ler e escribir. • Ten dificultade para a aprendizaxe. • Nivel de conciencia (orientado, desorientado, inconsciente, etc.). • Alteracións do proceso do pensamento. • Existencia de conflito de decisións. *(Recoméndase utilizar o test de Pfeiffer ou o miniexame cognoscitivo de Lobo e o cribado de demencias: test do informador).* **Preguntar e explorar sobre aspectos sensoriais:** • Existen alteracións en vista, oído, olfacto, pel e sabor. • Ten corrixidas as alteracións sensoriais. **Preguntar e explorar sobre a percepción da dor:** • Existencia de comunicación verbal de dor. • Existencia de comunicación non verbal de dor (expresión facial, axitación, posición de defensa, etc.). • Utilización de medidas de alivio (fármacos ou outros). (*Recoméndase utilizar a escala de dor EVA).*	• Dor crónica. • Coñecementos deficientes (especificar). • Deterioración da comunicación verbal. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

7. PATRÓN AUTOPERCEPCIÓN-AUTOCONCEPTO

Definición: Describe o patrón de autoconcepto e as percepcións dun mesmo.

Inclúe: - As actitudes acerca dun mesmo, a percepción das capacidades (cognitivas, afectivas ou físicas), imaxe, identidade, sentido xeral de valía e patrón emocional xeral.

- O patrón da postura corporal e o movemento, contacto visual e patróns de voz e conversación.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • O patrón do individuo de crenzas e avaliacións relativo á autovalía xeral e aos estados de sentimento. • As avaliacións negativas do propio ser que producen malestar persoal e tamén poden influír noutros patróns funcionais. • Os cambios, as perdas e as ameazas que son factores que poden influír de forma negativa no autoconcepto.	**Preguntar e explorar sobre:** • Autoavaliación positiva ou negativa: como se describe a si mesmo ou como se sente. • Cambios na forma de ser. • Cambios nos seus sentimentos cara a si mesmo ou cara ao seu corpo. • Que é o que lle provoca enfados frecuentemente. • Que é o que lle fai sentir medo ou temor. • Que é o que lle produce ansiedade. • Que é o que o deprime. • Que é o que lle preocupa. • Que é o que o fai sentir mellor ou lle axuda. • Se perdeu a esperanza. *(Recoméndase utilizar o test de Golberg ante a sospeita de ansiedade e o test de Yesavage ante a sospeita de depresión).*	• Ansiedade. • Baixa autoestima situacional. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

8. PATRÓN ROL-RELACIÓNS

Definición: Describe o patrón de compromisos de rol e relacións.

Inclúe: - A percepción dos roles máis importantes e as responsabilidades na situación actual do individuo.
- A satisfacción ou as alteracións na familia, traballo ou relacións sociais e as responsabilidades relacionadas con estes roles.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • O patrón do individuo dos roles familiares e sociais. • A percepción do individuo acerca dos seus patróns de relacións. • Os problemas percibidos polo individuo, se existen, a causa percibida, as accións levadas a cabo e os efectos das devanditas accións.	**Preguntar e explorar sobre:** • Se vive só ou en familia (estrutura familiar e xenograma). • Como é a súa relación cos membros da familia. • Como se sente tratado polos membros da familia. • Se a familia depende do individuo nalgún sentido. • Existencia de problemas ou dificultade de relación cos descendentes (fillos, netos). • A resposta familiar ante a aparición de problemas. • Como se vive na familia a súa enfermidade. • Quen é o responsable dos seus coidados (coidador principal). • Como é a relación, o trato e a dependencia co responsable dos seus coidados. • Existencia de amigos próximos. • Sentimentos de soidade. • Participación en actividades de entretemento. • Existencia de problemas económicos. • Dificultade para expresar queixas ou dificultades ou para pedir axuda. (*Recoméndase utilizar o índice de Zarit para valorar a sobrecarga do coidador e a escala de risco social para a valoración sociolaboral, se non hai apoio dun profesional de traballo social).*	• **Risco de cansazo do rol de coidador.** • Risco de soidade. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

9. PATRÓN SEXUALIDADE-REPRODUCIÓN

Definición: Describe os patróns de satisfacción ou insatisfacción da sexualidade; describe o patrón reprodutivo.

Inclúe: - A satisfacción percibida ou as alteracións na sexualidade ou nas relacións sexuais.
- O estado reprodutor nas mulleres, premenopausa ou menopausa e os problemas percibidos.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • A percepción de problemas reais ou potenciais neste patrón. • Os factores contribuíntes, as accións levadas a cabo e o efecto percibido destas accións, se existen problemas.	**Na muller preguntar por antecedentes xíneco-obstétricos:** • Menarquía e menopausa. Alteracións do ciclo. • Problemas xinecolóxicos e revisións periódicas. • Embarazos, características e problemas obstétricos. **No home preguntar e explorar sobre:** • Problemas no aparato uroxenital (prostatite, etc.). • Problemas de erección/impotencia. **A homes e a mulleres preguntar e explorar sobre:** • Posibles cambios na súa sexualidade que desexen comentar. • Satisfacción ou insatisfacción nas súas relacións sexuais. • Percepción dalgún problema na relación sexual. • Utilización de medidas contraceptivas ou de sexo seguro.	• Patrón sexual non efectivo. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

10. PATRÓN ADAPTACIÓN-TOLERANCIA AO ESTRÉS

Definición: Describe o patrón xeral de adaptación e a efectividade do patrón en termos de tolerancia ao estrés.

Inclúe: - A reserva ou capacidade para resistir os cambios na propia integridade, formas de tratar o estrés, sistemas de apoio familiar ou doutro tipo e a habilidade percibida para controlar e dirixir situacións.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
Obter datos acerca de: • A tolerancia ao estrés e o patrón de adaptación dun individuo. • Os cambios na efectividade dun patrón de adaptación, que poden darse se se prevé unha ameaza á integridade e ao control persoal (capacidade de adaptación persoal).	**Preguntar e explorar sobre:** • Cambios importantes na súa vida nos últimos anos e como reaccionou a estes. • Cambios ou alteracións nos patróns de comunicación, das condutas de adaptación ou na participación social. • Se permanece sempre no domicilio. • Se cambia de domicilio frecuentemente e como lle afecta. • Se as decisións as toma só ou con axuda. • Que lle gustaría cambiar. • Manifestacións de incapacidade de pedir axuda ou de afrontamento (abuso de medicinas, alcohol, etc.). • Que fai para relaxarse. • A quen lle conta os problemas. • Como enfermeiro/a, ¿en que podo axudalo?	• Afrontamento non efectivo. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

11. PATRÓN VALORES-CRENZAS

Definición: Describe os patróns de valores, resultados ou crenzas (incluíndo as espirituais) que guían as eleccións ou as decisións.

Inclúe: - O que se percibe como importante na vida e calquera percepción de conflito nos valores, crenzas ou expectativas relativas á saúde.

OBXECTIVOS DE VALORACIÓN	PARA VALORAR	DIAGNÓSTICOS RESULTANTES
• É entender a base das accións relativas á saúde e ás accións. Esta comprensión aumenta a sensibilidade cara aos conflitos de valores-crenzas que poden darse se unha acción preventiva non se leva a cabo.	**Preguntar e explorar sobre:** • Crenzas do individuo. • A práctica dalgunha relixión. Identificación. • Problemas para practicala. • A existencia de conflitos internos. • A necesidade de reconciliación con alguén.	• Risco de sufrimento espiritual. • Outros (utilizar diagnósticos da taxonomía NANDA).

4 DIAGNÓSTICOS PROPOSTOS ASOCIADOS AOS PATRÓNS FUNCIONAIS DE M. GORDON

1. **PATRÓN PERCEPCIÓN/MANTEMENTO DA SAÚDE:**
   - Manexo non efectivo do réxime terapéutico.
   - Risco de lesión.
2. **PATRÓN NUTRICIONAL/METABÓLICO:**
   - **Risco de deterioración da integridade cutánea*.**
   - Deterioración da integridade cutánea.
   - **Deterioración da integridade tisular*.**
   - Deterioración da deglutición.
3. **PATRÓN ELIMINACIÓN:**
   - **Risco de estrinximento*.**
   - Estrinximento.
   - Deterioración da eliminación urinaria.
   - Incontinencia fecal.
4. **PATRÓN ACTIVIDADE/EXERCICIO:**
   - Risco de síndrome de desuso.
   - **Déficit de autocoidado: alimentación*.**
   - **Déficit de autocoidado: uso do váter*.**
   - **Déficit de autocoidado: vestido/acicalamento*.**
   - **Déficit de autocoidado: baño/hixiene*.**
   - Limpeza ineficaz das vías aéreas.
   - Deterioración da mobilidade física.
5. **PATRÓN REPOUSO/SONO:**
   - Deterioración do patrón do sono.
6. **PATRÓN COGNITIVO/PERCEPTIVO:**
   - Dor crónica.
   - Coñecementos deficientes (especificar).
   - Deterioración da comunicación verbal.
7. **PATRÓN AUTOPERCEPCIÓN/AUTOCONCEPTO:**
   - Ansiedade.
   - Baixa autoestima situacional.

8. **PATRÓN ROL/RELACIÓNS:**
    - Risco de soidade.
    - **Risco de cansazo do rol de coidador*.**
9. **PATRÓN SEXUALIDADE/REPRODUCIÓN:**
    - Patrón sexual non efectivo.
10. **PATRÓN AFRONTAMENTO/TOLERANCIA AO ESTRÉS:**
    - Afrontamento non efectivo.
11. **PATRÓN VALORES/CRENZAS:**
    - Risco de sufrimento espiritual.

* Propóñense especialmente estes diagnósticos para a súa utilización no paciente inmobilizado, por ser os máis relevantes.

Diagnóstico: "*MANEXO NON EFECTIVO DO RÉXIME TERAPÉUTICO*"

Definición: Patrón de regulación e integración na vida dun programa de tratamento da enfermidade e das súas secuelas que resulta insatisfactorio para alcanzar obxectivos específicos de saúde.

Características definitorias	Resultados
• Eleccións da vida diaria ineficaces para cumprir os obxectivos dun tratamento ou programa de prevención. • Verbalización do desexo de manexar o tratamento da enfermidade e a prevención das secuelas. • Verbalización da dificultade coa regulación ou integración dun ou máis dos réximes prescritos para o tratamento da enfermidade e os seus efectos ou a prevención de complicacións. • Verbalización de non realizar as accións necesarias para incluír o réxime de tratamento nos hábitos diarios. • Verbalización de non emprender as accións para reducir os factores ou situacións de risco máis frecuentes de progresión da enfermidade e das súas secuelas.	**Conduta terapéutica: enfermidade ou lesión (1609)** *Definición:* accións persoais para paliar ou eliminar patoloxía. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 160902 Cumpre o réxime terapéutico recomendado: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 160906 Evita condutas que potencian a patoloxía: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 160912 Utiliza dispositivos correctamente: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 160915 Busca consello dun profesional sanitario cando é necesario: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 **Coñecemento: réxime terapéutico (1813)** *Definición:* grao de comprensión transmitido sobre o réxime terapéutico específico. ***Indicadores:*** — Ningún / Escaso / Moderado / Substancial / Extenso 181301 Descrición da xustificación do réxime terapéutico: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 181302 Descrición das responsabilidades dos propios coidados para o tratamento actual: 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Complexidade do réxime terapéutico. • Demandas excesivas sobre un individuo ou familia. • Conflito familiar. • Déficit de coñecementos. • Falta de confianza no réxime ou no persoal de coidados da saúde. • Déficit de soporte social. • Dificultades económicas.	* **Asesoramento. (5240)** * **Modificación da conduta. (4360)**

Diagnóstico: "*RISCO DE LESIÓN*"

Definición: Risco de lesión como consecuencia da interacción de condicións ambientais cos recursos adaptativos e defensivos da persoa.

Características definitorias	Resultados
	Control do risco (1902) *Definición:* accións persoais para previr, eliminar ou reducir as ameazas para a saúde modificables. *Indicadores:* — Nunca demostrado — Raramente demostrado — Ás veces demostrado — Frecuentemente demostrado — Sempre demostrado 190201 Recoñece factores de risco: 1 2 3 4 5 190204 Desenvolve estratexias de control de risco efectivas: 1 2 3 4 5 190208 Modifica o estilo de vida para reducir o risco: 1 2 3 4 5 **Conduta de seguridade: prevención de caídas (1909)** *Definición:* accións persoais ou do coidador familiar para minimizar os factores de risco que poderían producir caídas no ámbito persoal. *Indicadores:* — Nunca demostrado — Raramente demostrado — Ás veces demostrado — Frecuentemente demostrado — Sempre demostrado 190901 Uso correcto de dispositivos de axuda: 1 2 3 4 5 190902 Provisión de axuda persoal: 1 2 3 4 5
Factores de risco	**Intervencións**
Externos • Químicos (p. ex.: contaminantes ambientais, tóxicos, drogas, fármacos, alcohol, cafeína, nicotina, cosméticos, conservantes). • Nutrientes (p. ex.: vitaminas, tipos de alimentos). • Poboación e provedores (p. ex.: axentes nosocomiais; patróns de dotación de persoal; factores cognitivos afectivos e psicomotores). • Biolóxicos (p. ex.: nivel de inmunización da comunidade, microorganismos). • Físicos (deseño, estrutura e disposición da comunidade, edificios ou equipo). • Sistema de transporte das persoas e das mercadorías. **Internos** • Desnutrición. • Psicolóxicos (desorientación afectiva). • Etapa de desenvolvemento (fisiolóxica, psicolóxica). • Físicos (solución de continuidade da pel, alteración da mobilidade).	* **Manexo ambiental: seguridade. (6486)** * **Prevención de caídas. (6490)** * **Vixilancia: seguridade. (6654)**

Diagnóstico: "*RISCO DE DETERIORACIÓN DA INTEGRIDADE CUTÁNEA*"

Definición: Risco de que a pel se vexa negativamente afectada.

Características definitorias	Resultados
	Control do risco (1902) Definición: accións persoais para previr, eliminar ou reducir as ameazas para a saúde modificables. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 190201 Recoñece factores de risco: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 190207 Segue as estratexias de control do risco seleccionadas: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 190208 Modifica o estilo de vida para reducir o risco: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 **Integridade tisular: pel e membranas mucosas (1101)** *Definición:* indemnidade estrutural e función fisiolóxica normal da pel e das membranas mucosas. ***Indicadores:*** — Gravemente comprometida / Substancialmente comprometida / Moderadamente comprometida / Levemente comprometida / Non comprometida 110104 Cumpre as actividades prescritas: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110113 Pel intacta: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110105 Pigmentación anormal — Grave / Substancial / Moderado / Leve / Ningún: 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de risco	**Intervencións**
Externos: • Humidade. • Factores mecánicos (p. ex.: forzas de cizallamento, presión, suxeicións). • Inmobilización física. • Excrecións ou secrecións. • Extremos de idade. **Internos:** • Prominencias óseas. • Alteración do estado nutricional (p. ex.: obesidade, adelgazamento por mor dunha enfermidade). • Alteracións do turgor (cambios de elasticidade). • Alteración da sensibilidade. • Alteración da circulación.	*** Prevención das úlceras por presión. (3540)** *** Vixilancia da pel. (3590)** *** Manexo de presións. (3500)**

Diagnóstico: "*DETERIORACIÓN DA INTEGRIDADE CUTÁNEA*"

Definición: Alteración da epiderme, da derme ou de ambas.

Características definitorias	**Resultados**
• Destrución das capas da pel (derme). • Alteración da superficie da pel.	**Curación da ferida: por segunda intención (1103)** Definición: magnitude de rexeneración de células e tecidos na ferida aberta. ***Indicadores:*** Ningunha / Escasa / Moderada / Substancial / Extenso 110301 Granulación 1 2 3 4 5 110320 Formación de cicatriz 1 2 3 4 5 110321 Diminución do tamaño da ferida 1 2 3 4 5 Extenso / Substancial / Moderada / Escasa / Ningunha 110303 Secreción purulenta 1 2 3 4 5 110304 Secreción serosa 1 2 3 4 5 110305 Secreción sanguinolenta 1 2 3 4 5 110306 Secreción serosanguinolenta 1 2 3 4 5 110307 Eritema cutáneo circundante 1 2 3 4 5 110308 Edema perilesional 1 2 3 4 5 110312 Necrose 1 2 3 4 5 110317 Olor da ferida 1 2 3 4 5 **Conduta terapéutica: enfermidade ou lesión (1609)** *Definición:* accións persoais para paliar ou eliminar patoloxía. ***Indicadores:*** Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 160904 Cumpre as actividades prescritas 1 2 3 4 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Humidade. • Factores mecánicos (p. ex.: presión, forzas de cizallamento...). • Inmobilidade física. • Prominencias óseas. • Alteración do estado nutricional (p. ex.:obesidade, adelgazamento por mor dunha enfermidade). • Alteración da sensibilidade. • Alteración da circulación. • Alteración no estado dos líquidos.	* **Coidados das úlceras por presión. (3520)** * **Vixilancia da pel. (3590)** * **Coidado das feridas. (3660)**

Diagnóstico: "*DETERIORACIÓN DA INTEGRIDADE TISULAR*"

Definición: Lesión das membranas mucosa ou corneal integumentaria ou dos tecidos subcutáneos.

Características definitorias	Resultados
• Lesión por destrución tisular (p. ex.: córnea, membranas mucosas, tecido integumentario ou subcutáneo).	**Curación da ferida: por segunda intención (1103)** *Definición:* magnitude de rexeneración de células e tecidos na ferida aberta. ***Indicadores:*** Ningunha / Escasa / Moderada / Substancial / Extenso 110301 Granulación: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110320 Formación de cicatriz: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110321 Diminución do tamaño da ferida: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 Extenso / Substancial / Moderada / Escasa / Ningunha 110303 Secreción purulenta: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110304 Secreción serosa: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110305 Secreción sanguinolenta: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110306 Secreción serosanguinolenta: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110307 Eritema cutáneo circundante: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110308 Edema perilesional: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110312 Necrose: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 110317 Olor da ferida: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 **Conduta terapéutica: enfermidade ou lesión (1609)** *Definición:* accións persoais para paliar ou eliminar patoloxía. ***Indicadores:*** Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 160904 Cumpre as actividades prescritas: 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Mecánicos (p. ex.: presión cizallamento, fricción). • Produtos irritantes, químicos (incluíndo as secrecións e excrecións corporais e os medicamentos). • Alteración da circulación. • Déficit ou exceso de líquidos. • Déficit ou exceso nutricional. • Deterioración da mobilidade física.	* **Coidados das úlceras por presión. (3520)** * **Coidado das feridas. (3660)**

Diagnóstico: "DETERIORACIÓN DA DEGLUTICIÓN"

Definición: Funcionamento anormal do mecanismo da deglutición asociado con déficit da estrutura ou función oral, farínxea ou esofáxica.

Características definitorias	Resultados
• Alteración das posicións da cabeza. • Atraso na deglutición. • Infeccións pulmonares recorrentes. • Atragoamento, tose ou náuseas. • Deglucións múltiples. • Ardor de estómago ou dor epigástrica. • Observación de evidencias de dificultade na deglutición (p. ex.: estase dos alimentos na cavidade oral, tose/atragoamento). • Rexeitamento dos alimentos ou limitación do volume. • Queixas de ter algo atascado. • Falta da acción da lingua para formar o bolo. • Peche incompleto dos labios. • Incapacidade para baleirar a cavidade oral. • Tose, atragoamento, náuseas antes da deglución. • Deglutición por etapas. • Falta de mastigación. • Estancamento nos sucos laterais. • Sialorrea ou babeo.	**Estado de deglución (1010)** *Definición:* tránsito seguro de líquidos e/ou sólidos dende a boca cara ao estómago ***Indicadores:*** (Gravemente comprometido / Substancialmente comprometido / Moderadamente comprometido / Levemente comprometido / Non comprometido) 101001 Mantén a comida na boca: 1 2 3 4 5 101004 Capacidade de mastigación: 1 2 3 4 5 101010 Momento do reflexo de deglutición: 1 2 3 4 5 101015 Mantén a cabeza relaxada e o tronco erguido: 1 2 3 4 5 **Prevención da aspiración (1918)** *Definición:* accións persoais para previr o paso de partículas líquidas ou sólidas cara aos pulmóns. ***Indicadores:*** (Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado) 191801 Identifica factores de risco: 1 2 3 4 5 191803 Incorpórase para comer ou beber: 1 2 3 4 5 191804 Selecciona comida segundo a súa capacidade deglutoria: 1 2 3 4 5 191805 Colócase de lado para comer e beber segundo precisa: 1 2 3 4 5 191808 Utiliza espesantes líquidos segundo precisa: 1 2 3 4 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Déficits conxénitos. • Problemas neurolóxicos.	*** Terapia de deglutición. (0221)** * **Precaucións para evitar a aspiración. (3200)**

Diagnóstico: "*RISCO DE ESTRINXIMENTO*"

Definición: Risco de sufrir unha diminución da frecuencia normal de defecación, acompañado de eliminación difícil ou incompleta das feces ou eliminación de feces duras e secas.

Características definitorias	Resultados
	Control do risco (1902) *Definición*: accións persoais para previr, eliminar ou reducir as ameazas para a saúde modificables. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado — Raramente demostrado — Ás veces demostrado — Frecuentemente demostrado — Sempre demostrado 190201 Recoñece factores de risco — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 190207 Segue as estratexias de control do risco seleccionadas — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 190208 Modifica o estilo de vida para reducir o risco — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 190216 Recoñece cambios no estado de saúde — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 **Eliminación intestinal (0501)** *Definición:* formación e evacuación de feces ***Indicadores:*** — Gravemente comprometida — Substancialmente comprometida — Moderadamente comprometida — Levemente comprometida — Non comprometida 050101 Patrón da eliminación — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 050124 Inxestión de líquidos axeitada — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 050125 Inxestión de fibra axeitada — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 050126 Cantidade de exercicio axeitada — 1 — 2 — 3 — 4 — 5
Factores de risco	**Intervencións**
Funcionais: • Cambios ambientais recentes. • Actividade física insuficiente. • Problemas durante a defecación (p. ex.: falta de tempo, posición inadecuada para defecar, falta de intimidade). **Psicolóxicos**: • Confusión mental. **Fisiolóxicos**: • Malos hábitos alimentarios. • Diminución da mobilidade do tracto gastrointestinal. • Achega insuficiente de líquidos. **Farmacolóxicos**. **Mecánicos**: • Tumores, hemorroides, obesidade, etc.	* **Manexo do estrinximento/impactación. (0450)** * **Adestramento intestinal. (0440)**

Diagnóstico: "*ESTRINXIMENTO*"

Definición: Redución da frecuencia normal de evacuación intestinal, acompañada de eliminación dificultosa ou incompleta de feces excesivamente duras e secas.

Características definitorias	**Resultados**
• Cambios no patrón intestinal. • Eliminación de feces duras, secas e formadas. • Incapacidade para eliminar as feces. • Dor durante a defecación. • Defecación dificultosa. • Rezume de feces líquidas.	**Eliminación intestinal (0501)** *Definición:* formación e evacuación de feces ***Indicadores:*** — Gravemente comprometida — Substancialmente comprometida — Moderadamente comprometida — Levemente comprometida — Non comprometida 050101 Patrón da eliminación — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 050112 Facilidade de eliminación das feces — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 Grave — Substancial — moderado — Leve — Ningún 050110 Estrinximento — 1 — 2 — 3 — 4 — 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Actividade física insuficiente. • Diminución da motilidade do tracto gastrointestinal. • Malos hábitos alimentarios. • Farmacolóxicos. • Achega insuficiente de líquidos. • Mecánicos.	* **Manexo do estrinximento/impactación. (0450)** * **Adestramento intestinal. (0440)**

Diagnóstico: "*DETERIORACIÓN DA ELIMINACIÓN URINARIA*"

Definición: Trastorno da eliminación urinaria.

Características definitorias	Resultados
• Incontinencia. • Urxencia. • Nicturia. • Dificultade para iniciar o chorro de ouriños. • Disuria. • Polaquiuria. • Retención.	**Continencia urinaria (0502)** *Definición*: control da eliminación de ouriños da vexiga. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 050203 Responde de forma axeitada á urxencia: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 050212 Roupa interior seca durante o día: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 050213 Roupa interior ou da cama seca durante a noite: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 **Eliminación urinaria (0503)** *Definición*: recollida e descarga de ouriños. ***Indicadores:*** — Gravemente comprometida / Substancialmente comprometida / Moderadamente comprometida / Levemente comprometida / Non comprometida 050301 Patrón da eliminación: 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Obstrución anatómica. • Deterioración sensitiva e motora. • Infección do tracto urinario. • Multicausalidade.	*** Manexo da eliminación urinaria. (0590)** *** Coidados da incontinencia urinaria. (0610)** *** Coidados da retención urinaria. (0620)**

Diagnóstico: "*INCONTINENCIA FECAL*"

Definición: Cambio no hábito de eliminación fecal normal caracterizado pola emisión involuntaria de feces.

Características definitorias	**Resultados**
• Goteo constante de feces brandas. • Incapacidade para atrasar a defecación. • Falta de resposta á urxencia de defecar. • Incapacidade para recoñecer a urxencia de defecar.	**Continencia intestinal (0500)** *Definición:* control da eliminación de feces procedentes do intestino. ***Indicadores:*** Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 050002 Mantén o control da eliminación de feces: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 050009 Responde á urxencia de xeito oportuno: 1 / 2 / 3 / 4 / 5 **Eliminación intestinal (0501)** *Definición:* formación e evacuación de feces. ***Indicadores:*** Gravemente comprometida / Substancialmente comprometida / Moderadamente comprometida / Levemente comprometida / Non comprometida 050101 Patrón da eliminación: 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Factores ambientais (p. ex.: inodoro inaccesible). • Baleirado intestinal incompleto. • Impactación. • Hábitos dietéticos. • Abuso dos laxantes. • Perda de control do esfínter rectal. • Lesión dos nervios motores superiores. • Lesión dos nervios motores inferiores. • Deterioración da cognición. • Medicamentos. • Inmobilidade.	* **Coidados de incontinencia intestinal. (0410)** * **Adestramento intestinal. (0440)**

Diagnóstico: "*RISCO DE SÍNDROME DE DESUSO*"*

Definición: Risco de deterioración dos sistemas corporais a consecuencia da inactividade músculo-esquelética prescrita ou inevitable.

Características definitorias	Resultados

Control do risco (1902)
Definición: accións persoais para previr, eliminar ou reducir as ameazas para a saúde modificables.

Indicadores:	Nunca demostrado	Raramente demostrado	Ás veces demostrado	Frecuentemente demostrado	Sempre demostrado
190201 Recoñece factores de risco	1	2	3	4	5
190204 Desenvolve estratexias de control de risco efectivas	1	2	3	4	5
190207 Segue as estratexias de control do risco seleccionadas	1	2	3	4	5

Consecuencias da inmobilidade: fisiolóxicas (0204)
Definición: gravidade do compromiso do funcionamento fisiolóxico debido á alteración da mobilidade física.

Indicadores:	Grave	Substancial	Moderado	Leve	Ningún
020401 Úlceras por presión	1	2	3	4	5
020402 Estrinximento	1	2	3	4	5
020408 Retención urinaria	1	2	3	4	5
020410 Infección do tracto urinario	1	2	3	4	5
020418 Trombose venosa	1	2	3	4	5
	Gravemente comprometido	Substancialmente comprometido	Moderadamente comprometido	Levemente comprometido	Non comprometido
020404 Diminución do estado nutricional	1	2	3	4	5
020412 Ton muscular	1	2	3	4	5
020414 Movemento articular	1	2	3	4	5
020420 Non efectividade da tose	1	2	3	4	5
020421 Capacidade vital	1	2	3	4	5

Consecuencias da inmobilidade: psicocognitivas (0205)
Definición: gravidade do compromiso do funcionamento psicocognitivo debido á alteración da mobilidade física.

Indicadores:	Gravemente comprometido	Substancialmente comprometido	Moderadamente comprometido	Levemente comprometido	Non comprometido
020501 Alerta diminuída	1	2	3	4	5
020502 Orientación diminuída	1	2	3	4	5
020511 Capacidade para actuar	1	2	3	4	5
	Grave	Substancial	Moderado	Leve	Ningún
020508 Trastornos do sono	1	2	3	4	5

Factores de risco	Intervencións
• Dor grave. • Parálise. • Alteración do nivel de conciencia. • Inmobilización mecánica. • Inmobilización prescrita.	* **Fomento do exercicio. (0200)** * **Manexo da dor. (1400)** * **Manexo de enerxía. (0180)** * **Manexo ambiental. (6480)** * **Manexo intestinal. (0430)** * **Manexo nutrición. (1100)** * **Vixilancia. (6650)**

* Aconséllase usar esta etiqueta para centrar os coidados enfermeiros nas actividades de prevención da deterioración dos sistemas corporais e só cando o risco teña a súa orixe en condutas inapropiadas da persoa ou do coidador que poidan ser modificadas ou en factores externos sobre os que sexa posible actuar eliminándoos, reducíndoos ou modificando os seus efectos.

Desaconséllase utilizala cando a persoa ou o coidador fagan todo o que está ao seu alcance para reducir o risco, aínda que este persista.

Diagnóstico: "*DÉFICIT DE AUTOCOIDADO: ALIMENTACIÓN*"

Definición: Deterioración da habilidade para realizar ou completar as actividades de alimentación.

Características definitorias	**Resultados**
• Incapacidade para: - Deglutir os alimentos. - Preparalos para a súa inxestión. - Manexar os utensilios. - Mastigar a comida. - Inxerir os alimentos de forma segura. - Inxerir alimentos abondos.	**Autoxestión dos coidados (1613)** *Definición:* accións do destinatario dos coidados para dirixir a outros que axudan ou realizan tarefas físicas e a persoal de asistencia sanitaria. ***Indicadores:*** Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 161302 Describe os coidados apropiados 1 / 2 / 3 / 4 / 5 **Autocoidados: actividades da vida diaria (AVD) (0300)** *Definición*: capacidade para realizar a maioría das tarefas básicas e as actividades de coidado persoal, independentemente con ou sen mecanismo de axuda. ***Indicadores:*** Gravemente comprometido / Substancialmente comprometido / Moderadamente comprometido / Levemente comprometido / Non comprometido 030001 Come 1 / 2 / 3 / 4 / 5 030007 Hixiene bucal 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Debilidade ou cansazo. • Deterioración neuromuscular. • Dor. • Deterioración perceptual ou cognitiva. • Barreiras ambientais. • Diminución ou falta de motivación. • Deterioración musculoesquelética.	* **Axuda cos coidados: alimentación. (1803)** * **Alimentación. (1050)** * **Manexo ambiental. (6480)** * **Ensino individual. (5606)** * **Terapia de deglutición. (1860)**

Diagnóstico: "*DÉFICIT DE AUTOCOIDADO: USO DO VÁTER*"

Definición: Deterioración da capacidade da persoa para realizar ou completar por si mesma as actividades de uso do penico ou do váter.	
Características definitorias	**Resultados**
• Incapacidade para: - Chegar ata o váter. - Sentar ou erguerse do váter ou do penico. - Realizar a hixiene axeitada tras a evacuación. - Manipular a roupa para a evacuación.	**Autoxestión dos coidados (1613)** *Definición*: accións do destinatario dos coidados para dirixir a outros que axudan ou realizan tarefas físicas e a persoal de asistencia sanitaria. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado — Raramente demostrado — Ás veces demostrado — Frecuentemente demostrado — Sempre demostrado 161302 Describe os coidados apropiados — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 **Autocoidados: actividades da vida diaria (AVD) (0300)** *Definición*: capacidade para realizar a maioría das tarefas básicas e as actividades de coidado persoal independentemente, con ou sen mecanismo de axuda. ***Indicadores:*** — Gravemente comprometido — Substancialmente comprometido — Moderadamente comprometido — Levemente comprometido — Non comprometido 030003 Uso do inodoro — 1 — 2 — 3 — 4 — 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Barreiras ambientais. • Deterioración da mobilidade. • Deterioración musculoesquelética. • Deterioración neuromuscular. • Deterioración perceptual ou cognitiva. • Debilidade ou cansazo. • Dor.	* **Axuda cos coidados: aseo. (1804)** * **Manexo ambiental. (6480)** * **Ensino individual. (5606)**

Diagnóstico: "*DÉFICIT DE AUTOCOIDADO: VESTIDO/ACICALAMENTO*"

Definición: Deterioración da capacidade da persoa para realizar ou completar por si mesma as actividades de vestido e arranxo persoal.

Características definitorias	**Resultados**
• Deterioración da capacidade para: - Poñer ou quitar as prendas de roupa necesarias. - Obter ou substituír os artigos de vestir. - Abrochar a roupa. • Incapacidade para: - Manter o aspecto nun nivel satisfactorio.	**Autoxestión dos coidados (1613)** *Definición*: accións do destinatario dos coidados para dirixir a outros que axudan ou realizan tarefas físicas e a persoal de asistencia sanitaria. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado — Raramente demostrado — Ás veces demostrado — Frecuentemente demostrado — Sempre demostrado 161302 Describe os coidados apropiados — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 **Autocoidados: actividades da vida diaria (AVD) (0300)** *Definición*: capacidade para realizar a maioría das tarefas básicas e as actividades de coidado persoal independentemente, con ou sen mecanismo de axuda. ***Indicadores:*** — Gravemente comprometido — Substancialmente comprometido — Moderadamente comprometido — Levemente comprometido — Non comprometido 030002 Vístese — 1 — 2 — 3 — 4 — 5 030005 Peitéase — 1 — 2 — 3 — 4 — 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Diminución ou falta de motivación. • Dor. • Deterioración perceptual ou cognitiva. • Debilidade ou cansazo. • Deterioración neuromuscular. • Deterioración musculoesquelética. • Barreiras ambientais.	* **Axuda cos coidados: vestir/arranxo persoal. (1802)** * **Manexo ambiental. (6480)** * **Ensino individual. (5606)**

Diagnóstico: "*DÉFICIT DE AUTOCOIDADO: BAÑO/HIXIENE*"

Definición: Deterioración da habilidade da persoa para realizar ou completar por si mesmo as actividades de baño/hixiene.

Características definitorias	Resultados
• Incapacidade para: - Lavar total ou parcialmente o corpo. - Entrar e saír do baño.	**Autoxestión dos coidados (1613)** *Definición:* accións do destinatario dos coidados para dirixir a outros que axudan ou realizan tarefas físicas e a persoal de asistencia sanitaria. ***Indicadores:*** / Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 161302 Describe os coidados apropiados / 1 / 2 / 3 / 4 / 5 **Autocoidados: actividades da vida diaria (AVD) (0300)** *Definición:* capacidade para realizar a maioría das tarefas básicas e as actividades de coidado persoal independentemente, con ou sen mecanismo de axuda. ***Indicadores:*** / Gravemente comprometido / Substancialmente comprometido / Moderadamente comprometido / Levemente comprometido / Non comprometido 030004 Se baña / 1 / 2 / 3 / 4 / 5 030006 Hixiene / 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Diminución ou falta de motivación. • Debilidade e cansazo. • Dor. • Deterioración cognitiva ou perceptual. • Deterioración musculoesquelético. • Deterioración neuromuscular. • Barreiras ambientais.	* **Axuda cos coidados: baño/hixiene. (1801)** * **Baño. (1610)** * **Prevención de caídas. (6490)** * **Ensino individual. (5606)**

Diagnóstico: "*LIMPEZA INEFICAZ DAS VÍAS AÉREAS*"

Definición: Incapacidade para eliminar as secrecións ou obstrucións do tracto respiratorio para manter as vías aéreas permeables.

Características definitorias	Resultados
• Dispnea. • Ausencia ou non efectividade da tose. • Produción de esputo. • Cianose. • Sons respiratorios adventicios (sibilancias, estertores, crepitantes, roncus). • Cambios na frecuencia e ritmo respiratorios. • Axitación.	**Estado respiratorio: permeabilidade das vías respiratorias (0410)** *Definición:* vías traqueobronquiais permanecen abertas, despexadas e limpas para o intercambio de aire ***Indicadores:*** — Gravemente comprometido — Substancialmente comprometido — Moderadamente comprometido — Levemente comprometido — Non comprometido 041005 Ritmo respiratorio: 1 — 2 — 3 — 4 — 5 041006 Mobilización do esputo cara a fóra das vías respiratorias: 1 — 2 — 3 — 4 — 5 (Grave — Substancial — Moderado — Leve — Ningún) 041003 Asfixia: 1 — 2 — 3 — 4 — 5 041007 Ruídos respiratorios patolóxicos: 1 — 2 — 3 — 4 — 5 **Conduta terapéutica: enfermidade ou lesión (1609)** *Definición:* accións persoais para paliar ou eliminar patoloxía. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado — Raramente demostrado — Ás veces demostrado — Frecuentemente demostrado — Sempre demostrado 160904 Cumpre as actividades prescritas: 1 — 2 — 3 — 4 — 5 **Prevención da aspiración (1918)** *Definición:* accións persoais para previr o paso de partículas líquidas ou sólidas cara aos pulmóns. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado — Raramente demostrado — Ás veces demostrado — Frecuentemente demostrado — Sempre demostrado 191802 Evita factores de risco: 1 — 2 — 3 — 4 — 5
Factores de relación	**Intervencións**
• **Ambientais**. Tabaquismo. • **Obstrución das vías aéreas**. Retención das secrecións. Mucosidade excesiva. Vía aérea artificial. • **Fisiolóxicos**. Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica. Infección. Asma. Disfunción neuromuscular.	* **Manexo das vías aéreas. (3140)**

Diagnóstico: ***"DETERIORACIÓN DA MOBILIDADE FÍSICA"***

Definición: Limitación do movemento independente, intencionado, do corpo ou dunha ou máis extremidades.

Características definitorias	Resultados
• Inestabilidade postural durante a execución das actividades habituais da vida diaria. • Limitación da habilidade para as habilidades motoras groseiras. • Limitación da habilidade para as habilidades motoras finas. • Movementos descoordinados ou espasmódicos. • Dificultade para xirar na cama. • Falta de alento inducida polo movemento. • Cambios na marcha. • Enlentecemento do movemento. • Tremor inducido polo movemento.	**Mobilidade (0208)** *Definición:* capacidade para moverse con resolución no ámbito independentemente, con ou sen mecanismos de axuda ***Indicadores:*** Gravemente comprometido / Substancialmente comprometido / Moderadamente comprometido / Levemente comprometido / Non comprometido 020801 Mantemento do equilibrio 1 2 3 4 5 020802 Mantemento da posición corporal 1 2 3 4 5 020803 Movemento muscular 1 2 3 4 5 020804 Movemento articular 1 2 3 4 5 020805 Realización do traslado 1 2 3 4 5 020806 Ambulación 1 2 3 4 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Medicamentos. • Prescrición de restrición de movementos. • Malestar ou dor. • Índice de masa corporal por enriba do percentil 75 para a idade. • Deterioración sensorioperceptiva. • Deterioración neuromuscular ou musculoesquelética. • Intolerancia á actividade ou diminución da forza ou resistencia. • Deterioración cognitiva. • Sedentarismo, desuso ou mala forma física. • Desnutrición selectiva ou xeneralizada. • Falta de apoio físico ou social. • Perda de integridade das estruturas óseas.	* **Terapia de exercicios: ambulación. (0221)** * **Terapia de exercicios: mobilidade articular. (0226)** * **Cambio de posición. (0840)** * **Axuda ao autocoidado. (1800)** * **Coidados do paciente encamado. (0740)** * **Manexo ambiental. (6480)** * **Axuda cos autocoidados: transferencia. (1806)**

Diagnóstico: "*DETERIORACIÓN DO PATRÓN DO SONO*"

<table>
<tr><td colspan="2">Definición: Trastorno da cantidade e calidade do sono (suspensión da conciencia periódica, natural) limitado no tempo.</td></tr>
<tr><th>Características definitorias</th><th>Resultados</th></tr>
<tr><td>• Desvelo prolongado.
• Insomnio mantido.
• Espertar antes ou despois do desexado.
• Insatisfacción co sono.
• Tempo total de sono menor do considerado normal para a idade.</td><td>Sono (0004)
Definición: suspensión periódica natural da conciencia durante a cal se recupera o organismo.
<table>
<tr><th>Indicadores:</th><th>Gravemente comprometido</th><th>Substancialmente comprometido</th><th>Moderadamente comprometido</th><th>Levemente comprometido</th><th>Non comprometido</th></tr>
<tr><td>000404 Calidade do sono</td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr>
<tr><td>000405 Eficiencia de sono (taxa de tempo de sono/tempo total destinado a durmir)</td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr>
</table></td></tr>
<tr><th>Factores de relación</th><th>Intervencións</th></tr>
<tr><td>• Hixiene do sono inadecuada (dieta, ruído, temperatura, humidade, posición...).
• Ansiedade.
• Soidade.
• Medicamentos.
• Depresión.
• Suxeicións físicas.
• Urxencia urinaria, incontinencia.
• Dor.
• Falta de alento (dispnea, tose...).
• Refluxo gastroesofáxico.</td><td>* Mellorar o sono. (1850)</td></tr>
</table>

Diagnóstico: "*DOR CRÓNICA*"

Definición: Experiencia sensitiva e emocional desagradable ocasionada por unha lesión tisular real ou potencial ou descrita en tales termos; inicio súbito ou lento de calquera intensidade de leve a grave, constante ou recorrente sen un final anticipado ou previsible e unha duración maior de 6 meses.

Características definitorias	Resultados
• Informes verbais ou codificados ou observación de evidencias de conduta de protección ou defensa, máscara facial, irritabilidade, centrar a atención en si mesmo, axitación, depresión. • Atrofia dos grupos musculares implicados. • Cambios no patrón de sono. • Fatiga. • Alteración da capacidade para seguir coas actividades previas.	**Control da dor (1605)** *Definición:* accións persoais para controlar a dor. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 160504 Utiliza medidas de alivio non analxésicas — 1 / 2 / 3 / 4 / 5 160505 Utiliza os analxésicos de forma apropiada — 1 / 2 / 3 / 4 / 5 160508 Utiliza os recursos dispoñibles — 1 / 2 / 3 / 4 / 5 160511 Refire dor controlada — 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Incapacidade física ou psicosocial crónica.	*** Manexo da dor. (1400)**

Diagnóstico: "*COÑECEMENTOS DEFICIENTES (ESPECIFICAR)*"*

Definición: Carencia ou deficiencia de información cognitiva relacionado cun tema específico.						
Características definitorias	**Resultados**					
• Verbalización do problema. • Seguimento inexacto das instrucións. • Realización inadecuada das probas. • Comportamentos inapropiados ou esaxerados (p. ex.: histeria, hostilidade, axitación, apatía).	**Coñecemento: réxime terapéutico (1813)** *Definición:* grao de comprensión transmitido sobre o réxime terapéutico específico. ***Indicadores:***	Ningún	Escaso	Moderado	Substancial	Extenso
	181304 Descrición dos efectos esperados do tratamento	1	2	3	4	5
	181309 Descrición dos procedementos prescritos	1	2	3	4	5
	181310 Descrición do proceso da enfermidade	1	2	3	4	5
Factores de relación	**Intervencións**					
• Falta de exposición. • Falta de memoria. • Mala interpretación da información. • Limitación cognitiva. • Falta de interese na aprendizaxe. • Pouca familiaridade cos recursos para obter a información.	*** Ensino: individual. (5606)**					

* Aconséllase utilizar esta etiqueta de forma positiva, é dicir, cando as novas experiencias ou os cambios no estilo de vida ou de saúde requiran que a persoa adquira coñecementos amplos e estruturados, coa finalidade de manexar con competencia a nova situación.
Desaconséllase utilizala cando a falta de coñecementos non sexa o problema, senón a causa que o produce.

Diagnóstico: "*DETERIORACIÓN DA COMUNICACIÓN VERBAL*"

Definición: Diminución, atraso ou carencia da capacidade para recibir, procesar, transmitir e usar un sistema de símbolos.

Características definitorias	Resultados
• Desorientación nas tres esferas: o tempo, o espazo, as persoas. • Incapacidade para falar a linguaxe dominante. • Non falar ou non poder falar. • Falar ou verbalizar con dificultade. • Dificultade para formar palabras ou frases (p. ex.: afonía, dislalia, disartria). • Dificultade para expresar os pensamentos verbalmente (p. ex.: afasia, disfasia, apraxia, dislexia). • Dispnea. • Dificultade para comprender ou manter o patrón de comunicación habitual. • Déficit visual total ou parcial. • Dificultade ou incapacidade para usar as expresións faciais ou corporais.	**Comunicación (0902)** *Definición:* recepción, interpretación e expresión das mensaxes verbais, escritas e non verbais. ***Indicadores:*** Gravemente comprometida / Substancialmente comprometida / Moderadamente comprometida / Levemente comprometida / Non comprometida 090202 Utiliza a linguaxe falada 1 2 3 4 5 090205 Utiliza a linguaxe non verbal 1 2 3 4 5 090206 Recoñece as mensaxes recibidas 1 2 3 4 5 090207 Dirixe a mensaxe de forma apropiada 1 2 3 4 5 090208 Intercambia mensaxes cos demais 1 2 3 4 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Diminución da circulación cerebral. • Diferenzas culturais. • Barreiras psicolóxicas (p. ex.: psicose, falta de estímulos). • Barreiras físicas (p. ex.: traqueostomía, intubación). • Defectos anatómicos (p. ex.: padal fendido, alteración do sistema visual neuromuscular, do sistema auditivo, do aparato da fonación). • Tumor cerebral. • Efectos secundarios da medicación. • Alteración das percepcións. • Alteración do sistema nervioso central.	*** Escoita activa. (4920)** *** Mellorar a comunicación: déficit auditivo. (4974)** *** Mellorar a comunicación: déficit da fala. (4976)**

Diagnóstico: "*ANSIEDADE*"

Definición: Vaga sensación de malestar ou ameaza acompañada dunha resposta autonómica (cuxa orixe adoita ser descoñecida para o individuo); sentimento de aprehensión causado pola anticipación dun perigo. É un sinal de alerta que advirte dun perigo inminente e que lle permite ao individuo tomar medidas para afrontalo.

Características definitorias	Resultados
• **Condutuais** (expresión de preocupacións debidas a cambios en acontecementos vitais, insomnio, inquietude, etc.). • **Afectivas** (irritabilidade, angustia, temor, etc.). • **Fisiolóxicas** (palpitacións, diarrea, dificultade respiratoria, etc.). • **Cognitivas** (bloqueo do pensamento, confusión, deterioración da atención, etc.).	**Autocontrol da ansiedade (1402)** *Definición:* accións persoais para eliminar ou reducir sentimentos de aprehensión e tensión por unha fonte non identificable. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 140202 Elimina precursores da ansiedade — 1 / 2 / 3 / 4 / 5 140206 Utiliza estratexias de superación efectivas — 1 / 2 / 3 / 4 / 5 140216 Ausencia de manifestacións dunha conduta de ansiedade — 1 / 2 / 3 / 4 / 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Conflito inconsciente sobre os valores e as metas esenciais da vida. • Necesidades non satisfeitas. • Asociación familiar ou herdanza. • Ameaza de morte. • Ameaza ao autoconcepto. • Estrés. • Ameaza de cambio en: - O rol. - O estado de saúde. - Os patróns de interacción. - O ámbito. - A situación económica.	*** Diminución da ansiedade. (5820)**

Diagnóstico: "*BAIXA AUTOESTIMA SITUACIONAL*"

Definición: Desenvolvemento dunha percepción negativa da propia valía en resposta a unha situación actual (especificar).

Características definitorias	Resultados
• Informes verbais de que a situación actual desafía a súa valía persoal. • Verbalizacións autonegativas. • Conduta indecisa, non asertiva. • Avaliación de si mesmo como incapaz de afrontar a situación ou os acontecementos. • Expresións de desesperanza e inutilidade.	**Modificación psicosocial: cambio de vida (1305)** *Definición:* resposta psicosocial de adaptación dun individuo a un cambio de vida. ***Indicadores:*** Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 130501 Establecemento de obxectivos realistas 1 2 3 4 5 130502 Mantemento da autoestima 1 2 3 4 5 130509 Uso de estratexias de superación efectivas 1 2 3 4 5 130511 Expresións de satisfacción coa reorganizaciónda vida. 1 2 3 4 5
Factores de relación	**Intervencións**
• Alteración da imaxe corporal. • Deterioración funcional (especificar). • Perda (especificar). • Cambios do rol social (especificar). • Falta de recoñecemento ou recompensas. • Conduta inconsciente cos valores. • Fallo, rexeitamento.	* **Aumentar o afrontamento. (5230)** * **Potenciación da autoestima. (5400)**

Diagnóstico: "*RISCO DE SOIDADE*"

Definición: Risco de experimentar unha vaga disforia.

Características definitorias	Resultados
	Severidade da soidade (1203) *Definición:* gravidade da resposta emocional ou existencial de illamento. ***Indicadores:*** Grave / Substancial / Moderado / Leve / Ningún 120307 Expresión de illamento social 1 2 3 4 5 120309 Expresión de ser excluído 1 2 3 4 5 120312 Dificultade para establecer contacto con outras persoas 1 2 3 4 5 120314 Dificultade para ter unha relación mutua eficaz 1 2 3 4 5 **Implicación social (1503)** *Definición:* interaccións sociais con persoas, grupos ou organizacións. ***Indicadores:*** Nunca demostrado / Raramente demostrado / Ás veces demostrado / Frecuentemente demostrado / Sempre demostrado 150301 Interacción con amigos íntimos 1 2 3 4 5 150302 Interacción con amigos 1 2 3 4 5 150303 Interacción con membros da familia 1 2 3 4 5 150311 Participación en actividades de ocio 1 2 3 4 5
Factores de risco	**Intervencións**
• Deprivación afectiva. • Illamento físico. • Falta de contacto con persoas ou cousas percibidas como importantes ou significativas. • Illamento social.	*** Potenciación da socialización. (5100)** *** Fomentar a implicación familiar. (7110)**

Diagnóstico: "*RISCO DE CANSAZO DO ROL DE COIDADOR*"

Definición: O coidador é vulnerable á percepción de dificultade para desempeñar o seu rol de coidador da familia.

Características definitorias	Resultados
	Alteración do estilo de vida do coidador familiar (2203) *Definición*: gravidade de alteracións no estilo de vida dun membro da familia debido ao seu papel de coidador familiar. ***Indicadores:*** — Gravemente comprometida (1) — Substancialmente comprometida (2) — Moderadamente comprometida (3) — Levemente comprometida (4) — Non comprometida (5) 220305 Relacións con outros membros da familia alteradas: 1 2 3 4 5 220306 Interaccións sociais afectadas: 1 2 3 4 5 Grave — Substancial — moderado — Leve — Ningún 220319 Cargas económicas do coidador: 1 2 3 4 5 **Preparación do coidador familiar domiciliario (2202)** *Definición:* grao de preparación dun coidador para asumir a responsabilidade da asistencia sanitaria domiciliaria dun membro da familia. ***Indicadores:*** — Inadecuado (1) — Lixeiramente adecuado (2) — Moderadamente adecuado (3) — Substancialmente adecuado (4) — Completamente adecuado (5) 220201 Vontade de asumir o papel de coidador familiar: 1 2 3 4 5 220202 Coñecemento sobre o papel de coidador familiar: 1 2 3 4 5 220208 Coñecemento da actividade prescrita: 1 2 3 4 5 220214 Apoio social: 1 2 3 4 5 220216 Benestar do coidador familiar: 1 2 3 4 5
Factores de risco	**Intervencións**
• Falta de descanso ou distracción do coidador. • Problemas psicolóxicos ou cognitivos do receptor dos coidados. • Duración da necesidade de coidados. • Coidados numerosos ou complexos. • Deterioración da saúde do coidador. • Illamento da familia ou do coidador. • Falta de experiencia en brindar coidados. • Ámbito físico inadecuado para prestar os coidados. (Ex.: acondicionamento doméstico, transportes...). • Historia anterior de malas relacións entre a persoa que brinda os coidados e a que os recibe. • Adicción ou codependencia.	* **Apoio ao coidador principal. (7040)** * **Coidados intermitentes. (7270)** * **Fomento da implicación familiar. (7110)**

Diagnóstico: "*PATRÓN SEXUAL NON EFECTIVO*"

<table>
<tr><td colspan="2">Definición: Expresión de preocupación respecto da propia sexualidade.</td></tr>
<tr><th>Características definitorias</th><th>Resultados</th></tr>
<tr><td>• Manifestación de dificultade, limitacións ou cambios nos comportamentos ou actividades sexuais.</td><td>Identidade sexual (1207)
Definición: recoñecemento e aceptación da propia identidade sexual.
<table>
<tr><th>Indicadores:</th><th>Nunca positivo</th><th>Raramente positivo</th><th>Ás veces positivo</th><th>Frecuentemente positivo</th><th>Sempre positivo</th></tr>
<tr><td>120709 Refire relacións íntimas saudables</td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr>
<tr><td>120710 Refire funcionamento sexual saudable</td><td>1</td><td>2</td><td>3</td><td>4</td><td>5</td></tr>
</table></td></tr>
<tr><th>Factores de relación</th><th>Intervencións</th></tr>
<tr><td>• Falta dunha persoa significativa.
• Deterioración das relacións coa persoa significativa.
• Déficit de coñecementos ou habilidades sobre respostas alternativas a transicións relacionadas coa saúde, alteración da estrutura ou función corporais, enfermidade ou tratamento médico.
• Falta de intimidade.</td><td>* Asesoramento sexual. (5230)</td></tr>
</table>

Diagnóstico: "*AFRONTAMENTO NON EFECTIVO*"

Definición: Incapacidade para levar a cabo unha apreciación válida dos axentes estresantes, para elixir axeitadamente as respostas habituais ou para usar os recursos dispoñibles.

Características definitorias	Resultados
• Falta de condutas orientadas ao logro de obxectivos ou á resolución dos problemas, incluíndo incapacidade para organizar a información. • Trastornos do sono. • Abuso de axentes químicos. • Emprego de formas de afrontamento que impiden unha conduta adaptativa. • Fatiga. • Solución inadecuada dos problemas. • Expresión de incapacidade para afrontar a situación ou para pedir axuda. • Incapacidade para satisfacer as necesidades básicas. • Conduta destrutiva cara a si mesmo ou cara aos outros. • Incapacidade para satisfacer as expectativas do rol. • Alta taxa de enfermidade. • Cambio nos patróns de comunicación habituais.	**Afrontamento de problemas (1302)** *Definición:* accións persoais para controlar os factores estresantes que poñen a proba os recursos do individuo. ***Indicadores:*** — Nunca demostrado	Raramente demostrado	Ás veces demostrado	Frecuentemente demostrado	Sempre demostrado 130203 Verbaliza sensación de control — 1	2	3	4	5 130210 Adopta condutas para reducir o estrés — 1	2	3	4	5 130212 Utiliza estratexias de superación efectivas — 1	2	3	4	5 130215 Busca axuda profesional de forma apropiada — 1	2	3	4	5 130218 Refire aumento do benestar psicolóxico — 1	2	3	4	5
Factores de relación	**Intervencións**
• Falta de confianza na capacidade para afrontar a situación. • Incerteza. • Inadecuación do apoio social condicionado polas características das relacións. • Inadecuación dos recursos dispoñibles. • Incapacidade para conservar as enerxías adaptativas.	*** Apoio en toma de decisións. (5250)** *** Aumentar o afrontamento. (5230)**

Diagnóstico: "*RISCO DE SUFRIMENTO ESPIRITUAL*"

Definición: Risco de sufrir unha alteración da sensación de conexión harmoniosa coa vida e co universo na que poden modificarse as dimensións que transcenden o eu e que lle confire poder.

Características definitorias	Resultados
	Saúde espiritual (2001) *Definición:* vinculacións co eu, os outros, o poder superior, a natureza e o universo que transcenden e se apoderan do eu.

Indicadores:	Gravemente comprometido	Substancialmente comprometido	Moderadamente comprometido	Levemente comprometido	No comprometido
200102 Expresión de confianza	1	2	3	4	5
200103 Expresión de significado e fin da vida	1	2	3	4	5
200112 Interacción con líderes espirituais	1	2	3	4	5
200116 Relación co eu interior	1	2	3	4	5
200117 Relación cos demais para compartir pensamentos, sentimentos e crenzas.	1	2	3	4	5

Factores de risco	Intervencións
• Ansiedade esgotadora. • Baixa autoestima. • Malas relacións. • Estrés físico ou psicolóxico. • Perda dun ser querido. • Perdas situacionais. • Incapacidade para perdoar. • Enfermidade mental. • Enfermidade física.	* **Apoio espiritual. (5420)**

ESTANDARIZACIÓN
de coidados de enfermería *ao paciente* inmobilizado no domicilio

ANEXOS

ANEXO 1. Intervencións

Relación de Intervencións de Enfermería

Adestramento intestinal 63
Alimentación 64
Apoio ao coidador principal 65
Apoio na toma de decisións 66
Apoio espiritual 67
Asesoramento 68
Asesoramento sexual 69
Aumentar o afrontamento 70
Axuda ao autocoidado 72
Axuda cos autocoidados: alimentación 73
Axuda cos autocoidados: aseo 74
Axuda cos autocoidados: baño/hixiene 75
Axuda cos autocoidados: transferencia 76
Axuda cos autocoidados: vestir/arranxo persoal 77
Baño 78
Cambio de posición 79
Coidados de incontinencia intestinal 80
Coidados da incontinencia urinaria 81
Coidados da retención urinaria 82
Coidados das feridas 83
Coidados das úlceras por presión 84
Coidados do paciente encamado 85
Coidados intermitentes 86
Diminución da ansiedade 87
Ensino: individual 88
Ensino: sexo seguro 89
Escoita activa 90
Fomentar a implicación familiar 91
Fomento do exercicio 92
Manexo ambiental 93
Manexo ambiental: seguridade 94
Manexo da eliminación urinaria 95
Manexo da enerxía 96
Manexo da nutrición 98
Manexo das vías aéreas 99
Manexo de presións 100

Manexo da dor 101
Manexo do estrinximento/impactación 103
Manexo intestinal 104
Mellorar a comunicación: déficit auditivo 105
Mellorar a comunicación verbal: déficit da fala 106
Mellorar o sono 107
Modificación da conduta 108
Potenciación da autoestima 109
Potenciación da socialización 110
Precaucións para evitar a aspiración 111
Prevención de caídas 112
Prevención de úlceras por presión 114
Terapia de deglutición 115
Terapia de exercicios: ambulación 116
Terapia de exercicios: mobilidade articular 117
Vestir 118
Vixilancia 119
Vixilancia da pel 120
Vixilancia: seguridade 121

Adestramento intestinal 0440

Definición: axuda ao paciente na educación do intestino para que evacúe a intervalos determinados.

Actividades:

1. Planificar un programa intestinal co paciente e demais persoas relacionadas.
2. Ensinarlle ao paciente/familia os principios da educación intestinal.
3. Instruír o paciente acerca de alimentos con alto contido en fibra.
4. Asegurar unha inxestión axeitada de líquidos.
5. Asegurarse de que se realizan os exercicios adecuados.
6. Dedicar para a defecación un tempo coherente e sen interrupcións.
7. Dispoñer de intimidade.
8. Avaliar o estado intestinal a intervalos regulares.
9. Modificar o programa intestinal, se é necesario.

Alimentación 1050

Definición: proporcionarlle a inxestión nutricional ao paciente que non pode alimentarse por si mesmo.

Actividades:

1. Identificar a dieta prescrita.
2. Dispoñer a bandexa de comida e a mesa de forma atractiva.
3. Crear un ambiente pracenteiro durante a comida (colocar cuñas, penicos e o equipo de aspiración fóra da vista).
4. Proporcionar alivio adecuado para a dor antes das comidas, se procede.
5. Facilitar a hixiene bucal despois das comidas.
6. Identificar a presenza do reflexo de deglutición, se fose necesario.
7. Sentar durante a comida para inducir sensación de pracer e relaxación.
8. Dar a oportunidade de ulir as comidas para estimular o apetito.
9. Preguntarlle ao paciente as súas preferencias na orde dos alimentos.
10. Establecer os alimentos segundo o prefira o paciente.
11. Manterse en posición recta, coa cabeza e o colo flexionados lixeiramente cara a fóra durante a alimentación.
12. Colocar a comida no lado non afectado da boca, cando sexa o caso.
13. Acompañar a comida con auga, se é necesario.
14. Protexer cun babeiro, se procede.
15. Preguntarlle ao paciente para que nos indique cando rematou, se procede.
16. Rexistrar a inxestión, se resulta oportuno.
17. Evitar disimular os fármacos coa comida.
18. Proporcionar unha palla coa bebida, se é necesario ou se desexa.
19. Proporcionar alimentos para comer cos dedos, se procede.
20. Proporcionar as comidas á temperatura máis apetecible.
21. Evitar distraer o paciente durante a deglutición.
22. Realizar a alimentación sen présas/lentamente.
23. Pospoñer a alimentación se o paciente estivese fatigado.
24. Animar os pais/familia a que alimenten o paciente.

Apoio ao coidador principal 7040

Definición: subministración da necesaria información, recomendación e apoio para lle facilitar os coidados primarios ao paciente por parte dunha persoa distinta do profesional de coidados sanitarios.

Actividades:

1. Determinar o nivel de coñecementos do coidador.
2. Determinar a aceptación do coidador do seu papel.
3. Aceptar as expresións de emoción negativa.
4. Admitir as dificultades do rol do coidador principal.
5. Estudar xunto co coidador os puntos fortes e débiles.
6. Recoñecer a dependencia que ten a paciente do coidador, se procede.
7. Realizar afirmacións positivas sobre os esforzos do coidador.
8. Animar o coidador a que asuma a súa responsabilidade, se é o caso.
9. Apoiar as decisións tomadas polo coidador principal.
10. Animar a aceptación de independencia entre os membros da familia.
11. Controlar os problemas de interacción da familia en relación cos coidados do paciente.
12. Proporcionar información sobre o estado do paciente, de acordo coas preferencias do paciente.
13. Ensinarlle ao coidador a terapia do paciente de acordo coas preferencias do paciente.
14. Ensinar técnicas de coidado para mellorar a seguridade do paciente.
15. Proporcionarlle axuda sanitaria de seguimento ao coidador mediante chamadas por teléfono e/ou coidados de enfermería comunitarios.
16. Observar se hai indicios de estrés.
17. Explorar co coidador principal como o está afrontando.
18. Ensinarlle ao coidador técnicas de manexo do estrés.
19. Educar o coidador sobre os procesos de queixas.
20. Apoiar o coidador mediante procesos de queixas.
21. Animar o coidador a participar en grupos de apoio.
22. Ensinarlle ao coidador estratexias de mantemento de coidados sanitarios para soster a propia saúde física e mental.
23. Promover unha rede social de coidadores.
24. Identificar fontes de coidados prolongados.
25. Informar o coidador sobre recursos de coidados sanitarios e comunitarios.
26. Ensinarlle ao coidador estratexias para acceder e sacar o máximo proveito dos recursos de coidados sanitarios e comunitarios.
27. Informar o persoal/centro dos servizos de emerxencia sobre a estancia do paciente na casa, o estado de saúde e as tecnoloxías utilizadas co consentimento do paciente ou da familia.
28. Comentar co paciente os límites do coidador.
29. Animar o coidador durante os momentos difíciles do paciente.
30. Apoiar o coidador a establecer límites e a coidar de si mesmo.

Apoio na toma de decisións 5250

Definición: proporcionarlle información e apoio a un paciente que debe tomar decisións sobre coidados sanitarios.

Actividades:

1. Determinar se hai diferenzas entre o punto de vista do paciente e o punto de vista dos coidadores sanitarios sobre a condición do paciente.
2. Informar o paciente sobre a existencia de puntos de vista alternativos e as solucións.
3. Axudarlle ao paciente a identificar as vantaxes e desvantaxes de cada alternativa.
4. Facilitarlle ao paciente a articulación dos obxectivos dos coidados.
5. Obter o consentimento válido, cando se requira.
6. Facilitar a toma de decisións en colaboración.
7. Respectar o dereito do paciente a recibir ou non información.
8. Proporcionar a información solicitada polo paciente.
9. Axudar a que o paciente poida explicarlles a decisión a outras persoas.
10. Servir de enlace entre o paciente e a familia.
11. Servir de enlace entre o paciente e outros profesionais sanitarios.
12. Derivar ao asesor xurídico, se procede.
13. Remitir a grupos de apoio, se procede.

Apoio espiritual 5420

Definición: axuda ao paciente a conseguir o equilibrio a través das súas crenzas.

Actividades:

1. Utilizar a comunicación terapéutica para establecer confianza e demostrar empatía.
2. Utilizar ferramentas para controlar e avaliar o benestar espiritual, se procede.
3. Animar o individuo a revisar a vida pasada e a centrarse en feitos e relacións que proporcionaron forza e apoio espiritual.
4. Tratar o individuo con dignidade e respecto.
5. Animar a participar en interaccións con membros da familia, amigos e demais.
6. Proporcionar privacidade e momentos de tranquilidade para actividades espirituais.
7. Fomentar a participación en grupos de apoio.
8. Ensinar métodos de relaxación, meditación e imaxinación guiada.
9. Compartir as propias crenzas sobre significado e propósito, se procede.
10. Compartir a propia perspectiva espiritual, se procede.
11. Dar oportunidades para discutir sobre diferentes sistemas de crenzas e visións do mundo.
12. Estar aberto ás expresións de preocupación do individuo.
13. Proporcionar música, literatura ou programas de radio ou TV espirituais ao individuo.
14. Estar aberto ás expresións do individuo de soidade e impotencia.
15. Alentar a asistencia a servizos relixiosos, se se desexa.
16. Fomentar o uso de recursos espirituais, se se desexa.
17. Proporcionar os obxectos espirituais desexados, de acordo coas preferencias do individuo.
18. Remitir ao asesor espiritual da elección do individuo.
19. Utilizar técnicas de clarificación de valores para lle axudar ao individuo a clarificar as súas crenzas e valores, se procede.
20. Estar disposto a escoitar os sentimentos do individuo.
21. Expresar simpatía cos sentimentos do individuo.
22. Facilitar o uso da meditación, oración e demais tradicións e rituais relixiosos por parte do individuo.
23. Escoitar atentamente a comunicación do individuo e desenvolver un sentido de oportunismo para a oración ou rituais espirituais.
24. Asegurarlle ao individuo que o coidador estará dispoñible para apoialo nos momentos de sufrimento.
25. Estar aberto aos sentimentos do individuo acerca da enfermidade e da morte.
26. Axudarlle ao individuo a expresar e liberar a ira de forma axeitada.

Asesoramento 5240

Definición: utilización dun proceso de axuda interactiva centrado nas necesidades, problemas ou sentimentos do paciente e dos seus seres queridos para fomentar ou apoiar a capacidade de resolver problemas e as relacións interpersoais.

Actividades:

1. Establecer unha relación terapéutica baseada na confianza e no respecto.
2. Demostrar simpatía, calidez e autenticidade.
3. Establecer a duración das relacións de asesoramento.
4. Establecer metas.
5. Dispoñer a intimidade para asegurar a confidencialidade.
6. Proporcionar información obxectiva, segundo sexa necesario e se procede.
7. Favorecer a expresión de sentimentos.
8. Axudarlle ao paciente a identificar o problema ou a situación causante do trastorno.
9. Practicar técnicas de reflexión e clarificación para facilitar a expresión de preocupacións.
10. Pedirlle ao paciente/ser querido que identifique o que pode/non pode facer sobre o que lle sucede.
11. Axudarlle ao paciente a que realice unha lista de prioridades de todas as alternativas posibles ao problema.
12. Identificar calquera diferenza entre o punto de vista do paciente e o punto de vista do equipo de coidadores acerca da situación.
13. Determinar como lle afecta ao paciente o comportamento da familia.
14. Expresar oralmente a discrepancia entre os sentimentos e a conduta do paciente.
15. Utilizar ferramentas de valoración (papel e lapis, fita de audio, fita de vídeo ou exercicios interactivos con outras persoas) para axudar a que aumente a conciencia de si mesmo do paciente e o coñecemento da situación por parte do asesor, se procede.
16. Revelar aspectos seleccionados das experiencias propias ou da personalidade para dar autenticidade e confianza, se resulta oportuno.
17. Axudarlle ao paciente a que identifique os seus puntos fortes e reforzalos.
18. Favorecer o desenvolvemento de novas habilidades, se procede.
19. Fomentar a substitución de hábitos indesexados por hábitos desexados.
20. Reforzar novas habilidades.
21. Desaconsellar a toma de decisións cando o paciente se atope baixo un estrés severo.

Asesoramento sexual 5248

Definición: utilización dun proceso de axuda interactivo que se centre na necesidade de realizar axustes da práctica sexual ou para potenciar a resolución dun suceso/trastorno sexual.

Actividades:

1. Establecer unha relación terapéutica baseada na confianza e no respecto.
2. Proporcionar intimidade e asegurar confidencialidade.
3. Informar o paciente ao principio da relación de que a sexualidade constitúe unha parte importante da vida e que as enfermidades, os medicamentos e o estrés (ou outros problemas/sucesos que experimenta o paciente) a miúdo alteran o funcionamento sexual.
4. Proporcionar información acerca do funcionamento sexual.
5. Comezar cos tópicos menos sensibles e progresar aos máis sensibles.
6. Discutir o efecto da situación de enfermidade/saúde sobre a sexualidade.
7. Discutir o efecto da medicación sobre a sexualidade.
8. Animar o paciente a manifestar verbalmente os medos a facer preguntas.
9. Identificar os obxectivos de aprendizaxe necesarios para conseguir as metas.
10. Discutir a necesidade de modificacións da actividade sexual, se procede.
11. Axudarlle ao paciente a expresar a pena e o enfado polas alteracións do funcionamento/aspecto corporal, se procede.
12. Evitar mostrar aversión por unha parte corporal alterada.
13. Presentarlle ao paciente modelos de rol positivos que superasen con éxito un problema similar, se procede.
14. Proporcionar información concreta acerca de mitos sexuais e malas informacións que o paciente poida manifestar verbalmente.
15. Discutir acerca de formas alternativas de expresión sexual que sexan aceptables para o paciente, se procede.
16. Incluír o esposo/compañeiro sexual no asesoramento o máximo posible, se é o caso.

Aumentar o afrontamento 5230

Definición: axudarlle ao paciente a adaptarse aos factores estresantes, cambios ou ameazas perceptibles que interfiran no cumprimento das esixencias e nos papeis da vida cotiá.

Actividades:

1. Valorar o axuste do paciente aos cambios de imaxe corporal, se está indicado.
2. Valorar o impacto da situación vital do paciente nos papeis e relacións.
3. Valorar a comprensión do paciente do proceso de enfermidade.
4. Valorar e discutir as respostas alternativas á situación.
5. Utilizar un enfoque sereno, de reafirmación.
6. Dispoñer dun ambiente de aceptación.
7. Axudarlle ao paciente a desenvolver unha valoración obxectiva do acontecemento.
8. Axudarlle ao paciente a identificar a información que máis lle interese obter.
9. Proporcionar información obxectiva respecto do diagnóstico, tratamento e prognóstico.
10. Proporcionarlle ao paciente eleccións realistas sobre certos aspectos dos coidados de enfermería.
11. Alentar unha actitude de esperanza realista como forma de manexar os sentimentos de impotencia.
12. Avaliar a capacidade do paciente para tomar decisións.
13. Tratar de comprender a perspectiva do paciente sobre unha situación estresante.
14. Desalentar a toma de decisións cando o paciente se atope baixo un forte estrés.
15. Fomentar un dominio gradual da situación.
16. Animar o paciente a desenvolver relacións.
17. Favorecer as relacións con persoas que teñan intereses e obxectivos comúns.
18. Fomentar as actividades sociais e comunitarias.
19. Alentar a aceptación das limitacións dos demais.
20. Recoñecer a experiencia espiritual/cultural do paciente.
21. Alentar o uso de fontes espirituais, se resulta adecuado.
22. Explorar os éxitos anteriores do paciente.
23. Indagar as razóns do paciente para a súa autocrítica.
24. Confrontar os sentimentos ambivalentes do paciente (enfado ou depresión).
25. Facilitar as saídas construtivas á ira e á hostilidade.
26. Favorecer situacións que fomenten a autonomía do paciente.
27. Axudarlle ao paciente a identificar respostas positivas dos demais.
28. Fomentar a identificación de valores vitais específicos.
29. Estudar co paciente métodos anteriores no manexo de problemas vitais.
30. Presentarlle ao paciente persoas (ou grupos) que pasasen pola mesma experiencia con éxito.
31. Apoiar o uso de mecanismos de defensas adecuados.
32. Alentar a manifestación de sentimentos, percepcións e medos.
33. Tratar as consecuencias de comportarse con sentimentos de culpa e vergoña.
34. Animar o paciente a identificar os seus puntos fortes e as súas capacidades.
35. Axudarlle ao paciente a identificar obxectivos adecuados a curto e longo prazo.
36. Axudarlle ao paciente a analizar os obxectivos complexos en pasos pequenos, manexables.
37. Axudarlle ao paciente a examinar fontes dispoñibles para cumprir os obxectivos.

38. Diminuír os estímulos do ambiente que poderían ser mal interpretados como ameazadores.
39. Valorar as necesidades/desexos do paciente de apoio social.
40. Axudarlle ao paciente a identificar sistemas de apoio dispoñibles.
41. Determinar o risco do paciente para facerse dano.
42. Animar a implicación familiar, se procede.
43. Alentar a familia a manifestar os seus sentimentos polo membro familiar enfermo.
44. Axudarlle ao paciente a identificar estratexias positivas para facerse cargo das súas limitacións e a manexar o seu estilo de vida ou o seu papel necesario nela.
45. Axudarlle ao paciente a resolver os problemas dun xeito construtivo.
46. Instruír o paciente no uso de técnicas de relaxación, se resulta necesario.
47. Axudarlle ao paciente a que se queixe e traballe polas perdas da enfermidade e/ou minusvalidez crónica, se é o caso.
48. Axudarlle ao paciente a clarificar os conceptos equivocados.
49. Animar o paciente a avaliar o seu propio comportamento.

Axuda ao autocoidado 1800

Definición: axudarlle a outra persoa a realizar as actividades da vida cotiá.

Actividades:

1. Comprobar a capacidade do paciente para exercer autocoidados independentes.
2. Observar a necesidade por parte do paciente de dispositivos de adaptación para a hixiene persoal, vestirse, o arranxo persoal, o aseo e alimentarse.
3. Proporcionar os obxectos persoais desexados (desodorizante, cepillo de dentes e xabón de baño).
4. Proporcionar axuda ata que o paciente sexa totalmente capaz de asumir os autocoidados.
5. Axudarlle ao paciente a aceptar as necesidades de dependencia.
6. Repetir de forma coherente as rutinas sanitarias como medio de establecelas.
7. Animar o paciente a realizar as actividades normais da vida diaria axustadas ao nivel de capacidade.
8. Alentar a independencia, pero intervindo se o paciente non pode realizar a acción dada.
9. Ensinarlles aos pais/familia a fomentar a independencia, para intervir soamente cando o paciente non poida realizar a acción dada.
10. Establecer unha rutina de actividades de autocoidados.
11. Considerar a idade do paciente ao promover as actividades de autocoidados.

Axuda cos autocoidados: alimentación 1803

Definición: axudarlle a unha persoa a comer.

Actividades:

1. Identificar a dieta prescrita.
2. Poñer a bandexa e a mesa de forma atractiva.
3. Crear un ambiente agradable durante a hora da comida (colocar cuñas, penicos e equipo de aspiración fóra da vista).
4. Proporcionar un alivio adecuado da dor antes das comidas, se procede.
5. Proporcionar hixiene bucal antes das comidas.
6. Arranxar a comida na bandexa, se é necesario, como cortar a carne ou pelar uns ovos.
7. Abrir os alimentos empaquetados.
8. Evitar colocar a comida no lado cego dunha persoa.
9. Describir a situación da comida na bandexa para as persoas con impedimentos da visión.
10. Colocar o paciente nunha posición cómoda.
11. Protexer cun babeiro, se procede.
12. Proporcionar unha palla de beber, se é necesario ou se desexa.
13. Subministrar os alimentos á temperatura máis apetitosa.
14. Anotar a inxestión, se procede.
15. Animar o paciente a que coma no comedor, se estivese dispoñible.
16. Proporcionar dispositivos de adaptación para facilitar que o paciente se alimente por si mesmo (asas longas, asas cunha circunferencia grande ou pequenas correas nos utensilios), se é necesario.
17. Utilizar cuncas con asa grande, se fose necesario.
18. Utilizar pratos e vasos irrompibles e pesados, segundo se precise.
19. Proporcionar sinais frecuentes e unha estreita supervisión, se procede.

Axuda cos autocoidados: aseo 1804

Definición: axudar a outra persoa nas eliminacións.

Actividades:

1. Quitar a roupa esencial para permitir a eliminación.
2. Axudar o paciente no aseo/cuña/cuña de fractura/penico a intervalos especificados.
3. Considerar a resposta do paciente á falta de intimidade.
4. Dispoñer intimidade durante a eliminación.
5. Facilitar a hixiene de aseo despois de rematar coa eliminación.
6. Cambiar a roupa do paciente despois da eliminación.
7. Tirar da cadea/limpar o utensilio da eliminación.
8. Instaurar un programa de aseo, se procede.
9. Ensinarlle ao paciente/outras persoas significativas a rutina do aseo.
10. Instaurar idas ao baño, se procede e é necesario.
11. Proporcionar dispositivos de axuda (catéter externo ou penico), se procede.

Axuda cos autocoidados: baño/hixiene 1801

Definición: axudarlle ao paciente a realizar a hixiene persoal.

Actividades:
1. Colocar toallas, xabón, desodorizante, equipo de afeitado e demais accesorios necesarios a pé de cama/no baño.
2. Proporcionar os obxectos desexados (desodorizante, cepillo de dentes e xabón de baño).
3. Facilitar que o paciente cepille os dentes, se é o caso.
4. Facilitar que o paciente se bañe el mesmo, se procede
5. Comprobar a limpeza de uñas, segundo a capacidade de autocoidado do paciente.
6. Facilitar o mantemento das rutinas do paciente á hora de ir para a cama.
7. Proporcionar axuda ata que o paciente sexa totalmente capaz de asumir os autocoidados.

Axuda cos autocoidados: transferencia 1806

Definición: axudar a unha persoa a cambiar de sitio o corpo.

Actividades:

1. Determinar a capacidade actual do individuo para moverse (p. ex.: forza, nivel de habilidade, resistencia).
2. Determinar a capacidade actual do individuo para comprender instrucións e soportar as cargas.
3. Determinar a presenza de inestabilidade clínica ou ortopédica que poida impedir o traslado.
4. Determinar a presenza de hipotensión ortostática.
5. Elixir técnicas de traslado que sexan adecuadas para o individuo.
6. Identificar os métodos para evitar lesións durante o traslado.
7. Ensinarlle ao individuo as técnicas adecuadas de traslado dunha zona a outra (p. ex.: da cama á cadeira, da cadeira á cama, da cadeira de rodas ao vehículo, do vehículo á cadeira de rodas).
8. Demostrar a técnica, se procede.
9. Facilitar apoio para o corpo e as extremidades durante o traslado, se procede.
10. Ensinarlle ao individuo a trasladarse para conseguir o maior nivel de independencia posible.
11. Proporcionar mecanismos de axuda (p. ex.: barras nas paredes, cordas atadas no cabezal e nos pés da cama para moverse do centro ao bordo da cama) para lle axudar ao individuo a moverse por si só, se procede.
12. Ensinarlle ao individuo o uso adecuado de axudas ambulatorias (p. ex.: muletas, cadeira de rodas, andadores, barra de trapecio, bastón).
13. Utilizar un cinto de traslado, se procede.
14. Animar o suxeito para que aprenda a trasladarse autonomamente.
15. Documentar o progreso, se procede.

Axuda cos autocoidados: vestir/arranxo persoal 1802

Definición: axudarlle a un paciente coas roupas e a maquillaxe.

Actividades:

1. Dispoñer as prendas do paciente nunha zona accesible (ao pé da cama).
2. Proporcionar as prendas persoais, se resulta oportuno.
3. Estar dispoñible para axudar a vestir, se é necesario.
4. Facilitar o peiteado do cabelo do paciente, se é o caso.
5. Facilitar que o paciente se afeite el mesmo, se procede.
6. Manter a intimidade mentres se viste.
7. Axudar cos cordóns, botóns e cremalleiras.
8. Reafirmar os esforzos por vestirse a si mesmo.

Baño 1610

Definición: baño corporal para os efectos de relaxación, limpeza e curación.

Actividades:

1. Axudar coa ducha de cadeira, bañeira, ducha de pé ou baño de asento.
2. Lavar o cabelo.
3. Realizar o baño coa auga a unha temperatura agradable.
4. Axudar co coidado perianal.
5. Axudar coas medidas de hixiene (utilizar perfume ou desodorizante).
6. Afeitar o paciente.
7. Aplicar crema hidratante nas zonas de pel seca.
8. Ofrecer lavado de mans despois de ir ao baño ou antes das comidas.
9. Inspeccionar o estado da pel durante o baño.
10. Controlar a capacidade funcional durante o baño.

Cambio de posición 0840

Definición: movemento deliberado do paciente ou dunha parte corporal para proporcionar o benestar fisiolóxico e/ou psicolóxico.

Actividades:

1. Colocar sobre un colchón/cama terapéuticos adecuados.
2. Explicarlle ao paciente que se lle vai cambiar de posición.
3. Animar o paciente a participar nos cambios de posición.
4. Colocar na posición terapéutica axeitada.
5. Colocar en posición de aliñación corporal correcta.
6. Inmobilizar ou apoiar a parte corporal afectada.
7. Colocar en posición para alivio de dispnea.
8. Poñer apoios nas zonas edematosas (almofadas debaixo dos brazos e apoio de escroto).
9. Fomentar a realización de exercicios activos de marxe de movementos.
10. Proporcionar un apoio adecuado para o colo.
11. Evitar colocar o paciente nunha posición que lle aumente a dor.
12. Minimizar o rozamento ao cambiar de posición.
13. Colocar unha táboa para os pés á cama.
14. Xirar mediante a técnica de facer rodar madeiros.
15. Colocar en posición que favoreza a drenaxe urinaria.
16. Colocar en posición que evite tensións na ferida.
17. Colocar un respaldo, se procede.
18. Realizar os xiros segundo o indique o estado da pel.
19. Utilizar dispositivos adecuados para o apoio dos membros (rolo de mans e rolo de trocánter).
20. Colocar os obxectos de uso frecuente á man.

Coidados de incontinencia intestinal 0410

Definición: estimulación da continencia intestinal e mantemento da integridade da pel perianal.

Actividades:

1. Explicar a etioloxía do problema e a base das accións.
2. Determinar os obxectivos do programa de manexo intestinal co paciente/familia.
3. Examinar os procedementos e resultados esperados co paciente.
4. Instruír o paciente/familia a que leve un rexistro de defecación.
5. Lavar a zona perianal con xabón e auga e secala ben despois de cada deposición.
6. Manter a cama e a roupa de cama limpas.
7. Levar a cabo un programa de adestramento intestinal.
8. Controlar a dieta e as necesidades de líquidos.
9. Estar alerta por se houbese efectos secundarios á administración de medicamentos.
10. Colocar cueiros de incontinencia.

Coidados da incontinencia urinaria 0610

Definición: axudar a fomentar a continencia e a manter a integridade da pel perineal.

Actividades:

1. Proporcionar intimidade para a evacuación.
2. Explicar a etioloxía do problema e o fundamento das accións.
3. Controlar periodicamente a eliminación urinaria.
4. Comentar os procedementos e os resultados esperados co paciente.
5. Modificar a vestimenta e o ambiente para facilitar o acceso ao aseo.
6. Axudar a seleccionar a prenda/compresa de incontinencia axeitada.
7. Proporcionar prenda protectoras, se é necesario.
8. Limpar a zona dérmica xenital a intervalos regulares.
9. Demostrar unha resposta positiva a calquera diminución de incontinencia.
10. Limitar os líquidos durante dúas ou tres horas antes de ir para a cama.
11. Ensinarlle ao paciente a beber un mínimo de 1.500 cc de líquidos ao día.
12. Ensinar maneiras de evitar o estrinximento ou a impactación de feces.
13. Limitar a inxestión de produtos irritantes para a vexiga (colas, café, té e chocolate).
14. Controlar periodicamente a afectividade dos tratamentos.
15. Controlar periodicamente os hábitos intestinais.

Coidados da retención urinaria 0620

Definición: axudar a aliviar a distensión da vexiga.

Actividades:

1. Realizar unha avaliación urinaria exhaustiva centrándose na incontinencia (produción urinaria, esquema de eliminación urinaria, función cognoscitiva e problemas urinarios anteriores).
2. Proporcionar intimidade para a eliminación.
3. Estimular o reflexo da vexiga aplicando frío no abdome, fregando a parte interior da coxa ou facendo correr auga.
4. Proporcionar tempo abondo para o baleirado da vexiga (10 min.).
5. Dispoñer manobra de Crede (presión manual sobre a vexiga para axudar a eliminar os ouriños), se é necesario.
6. Inserir catéter urinario, se procede.
7. Controlar periodicamente a inxestión e a eliminación.
8. Vixiar periodicamente o grao de distensión da vexiga mediante a palpación e a percusión.
9. Axudar no aseo a intervalos regulares, se procede.
10. Implementar cateterización intermitente, se procede.
11. Remitir ao especialista en continencia urinaria, se procede.

Coidados das feridas 3660

Definición: prevención de complicacións das feridas e estimulación da súa curación.

Actividades:

1. Despegar os apósitos e a fita adhesiva.
2. Afeitar o lanuxe que rodea a zona afectada, se é necesario.
3. Controlar as características da ferida, incluíndo drenaxe, cor tamaño e olor.
4. Medir o leito da ferida, se procede.
5. Sacar o material incrustado (estela, cristal, grava, metal), segundo sexa necesario.
6. Limpar con solución salina normal ou un limpador non tóxico, se procede.
7. Colocar a zona afectada nun baño de remuíño, se procede.
8. Atender o lugar de incisión, segundo sexa necesario.
9. Administrar coidados da úlcera dérmica, se é necesario.
10. Aplicar un ungüento adecuado á pel/lesión, se procede.
11. Vendar de forma axeitada.
12. Reforzar o apósito, se é necesario.
13. Manter a técnica de vendaxe estéril ao realizar os coidados da ferida.
14. Cambiar o apósito segundo a cantidade de exsudado e drenaxe.
15. Inspeccionar a ferida cada vez que se realiza o cambio de vendaxe.
16. Comparar e rexistrar regularmente calquera cambio producido na ferida.
17. Colocar de maneira que se evite premer a ferida, se procede.
18. Cambiar de posición o paciente como mínimo cada 2 horas, se procede.
19. Fomentar a inxestión de líquidos, se procede.
20. Remitir ao médico da ostomía da ferida, se procede.
21. Remitir ao dietista, se procede.
22. Aplicar TENS (estimulación nerviosa eléctrica transcutánea) para favorecer a curación da ferida, se procede. Colocar mecanismos de alivio de presión (p. ex.: colchóns de aire, de escuma ou xel; almofadas para o cóbado ou o talón; coxín para a cadeira), se procede.
23. Axudarlle ao paciente e á familia a obter material.
24. Ensinarlle ao paciente e á familia a almacenar e desbotar os apósitos e o material de cura.
25. Ensinarlle ao paciente ou a membros da familia os procedementos de coidado da ferida.
26. Ensinarlle ao paciente e á familia os signos e síntomas de infección.
27. Documentar a localización, o tamaño e a aparencia da ferida.

Coidados das úlceras por presión 3520

Definición: facilitar a curación das úlceras por presión.

Actividades:

1. Describir as características da úlcera a intervalos regulares, incluíndo tamaño (lonxitude, anchura e profundidade), estadio (I-IV), posición, exudación, granulación ou tecido necrótico e epitelización.
2. Controlar a cor, a temperatura, o edema, a humidade e a aparencia da pel circundante.
3. Manter a úlcera humedecida para favorecer a curación.
4. Aplicar calor húmida á úlcera para mellorar a perfusión sanguínea e a achega do osixeno á zona.
5. Limpar a pel arredor da úlcera con xabón suave e auga.
6. Desbridar a úlcera, se é necesario.
7. Limpar a úlcera coa solución non tóxica axeitada, con movementos circulares dende o centro.
8. Anotar as características da drenaxe.
9. Aplicar un apósito adhesivo permeable á úlcera, segundo corresponda.
10. Remollar con solución salina, segundo corresponda.
11. Aplicar ungüentos, se procede.
12. Aplicar vendaxes, se está indicado.
13. Administrar medicacións orais, se procede.
14. Observar se hai signos e síntomas de infección na ferida.
15. Cambiar de posición cada 1-2 horas para evitar a presión prolongada.
16. Utilizar camas e colchóns especiais, se procede.
17. Utilizar mecanismos na cama (badana) para protexer o paciente.
18. Asegurar unha inxestión dietética axeitada.
19. Controlar o estado nutricional.
20. Verificar a inxestión axeitada de calorías e proteínas de alta calidade.
21. Ensinarlle ao paciente/membros da familia/coidador a vixiar se hai signos de rotura da pel, se procede.
22. Ensinarlle ao paciente/membros da familia os procedementos de coidado da ferida.
23. Facilitar servizos de consulta dos coidados da terapia da enterostomía, segundo sexa necesario.

Coidados do paciente encamado 0740

Definición: fomento da comodidade, a seguridade e a prevención de complicacións no paciente que non pode levantarse da cama.

Actividades:

1. Explicar as razóns do repouso na cama.
2. Colocar o paciente sobre unha cama/colchón terapéutico adecuado.
3. Colocar o paciente cunha aliñación corporal axeitada.
4. Evitar utilizar roupa de cama con texturas ásperas.
5. Manter a roupa de cama limpa, seca e libre de engurras.
6. Colocar na cama unha base de apoio para os pés.
7. Utilizar dispositivos na cama (p. ex.: pel de ovella) que protexan o paciente.
8. Aplicar dispositivos que eviten os pés equinos.
9. Subir as varandas, se procede.
10. Colocar o interruptor de posicionamento da cama ao alcance da man.
11. Colocar a mesa de noite ao alcance do paciente.
12. Fixar un trapecio á cama, se procede.
13. Cambialo de posición, segundo o indique o estado da pel.
14. Xirar o paciente inmobilizado polo menos cada dúas horas, de acordo cun programa específico.
15. Vixiar o estado da pel.
16. Ensinar exercicios de cama, se procede.
17. Realizar exercicios de marxe de movemento pasivos e/ou activos.
18. Axudar coas medidas de hixiene (p. ex.: uso de desodorizante ou perfume).
19. Axudar coas actividades da vida diaria.
20. Observar se se produce estrinximento.
21. Controlar a función urinaria.

Coidados intermitentes 7260

Definición: provisión de coidados de curta duración para lle proporcionar descanso a un coidador familiar.

Actividades:

1. Establecer unha relación terapéutica co paciente/familia.
2. Controlar a capacidade de resistencia do coidador.
3. Informar o paciente/familia acerca dos fondos estatais dispoñibles para os coidados intermitentes.
4. Coordinar o voluntariado para os servizos na casa, se procede.
5. Seguir a rutina habitual de coidados.
6. Proporcionar coidados, como exercicios, deambulación e hixiene, se se require.
7. Determinar a forma de contacto co coidador habitual.
8. Manter un ambiente caseiro normal.
9. Realizar un informe ao coidador habitual ao regreso.

Diminución da ansiedade 5820

Definición: minimizar a aprehensión, temor, presaxios relacionados cunha fonte non identificada de perigo por adiantado.

Actividades:

1. Establecer claramente as expectativas do comportamento do paciente.
2. Tratar de comprender a perspectiva do paciente sobre unha situación estresante.
3. Proporcionar información obxectiva respecto do diagnóstico, tratamento e prognóstico.
4. Proporcionar obxectos que simbolicen seguridade.
5. Escoitar con atención.
6. Reforzar o comportamento, se procede.
7. Crear un ambiente que facilite a confianza.
8. Animar a manifestación de sentimentos, percepcións e medos.
9. Controlar os estímulos, se procede, das necesidades do paciente.
10. Apoiar o uso de mecanismos de defensa adecuados.
11. Determinar a capacidade de toma de decisións do paciente.
12. Instruír o paciente sobre o uso de técnicas de relaxación.
13. Observar se hai signos verbais e non verbais de ansiedade.

Ensino: individual 5606

Definición: planificación, posta en práctica e avaliación dun programa de ensino deseñado para tratar as necesidades particulares do paciente.

Actividades:

1. Establecer compenetración.
2. Establecer a credibilidade do educador.
3. Determinar as necesidades de ensino do paciente.
4. Valorar o nivel actual de coñecementos e de comprensión de contidos do paciente.
5. Valorar o nivel educativo do paciente.
6. Valorar as capacidades/incapacidades cognoscitivas, psicomotoras e afectivas.
7. Determinar a capacidade do paciente para asimilar información específica (nivel de desenvolvemento, estado fisiolóxico, orientación, dor, fatiga, necesidades básicas non cumpridas, estado emocional e adaptación á enfermidade).
8. Determinar a motivación do paciente para asimilar información específica (crenzas sobre a saúde, incumprimentos pasados, malas experiencias con coidados/aprendizaxe de saúde e metas conflitivas).
9. Potenciar a dispoñibilidade do paciente para aprender, se procede.
10. Establecer metas de aprendizaxe mutuas e realistas co paciente.
11. Identificar os obxectivos de ensino necesarios para conseguir as metas.
12. Determinar a secuencia de presentación da información.
13. Seleccionar os materiais educativos adecuados.
14. Axustar o contido de acordo coas capacidades/incapacidades cognoscitivas, psicomotoras e afectivas do paciente.
15. Axustar a instrución para facilitar a aprendizaxe, segundo proceda.
16. Proporcionar un ambiente que conduza á aprendizaxe.
17. Instruír o paciente, cando corresponda.
18. Avaliar a consecución dos obxectivos establecidos por parte do paciente.
19. Reforzar a conduta, se se considera oportuno.
20. Corrixir as malas interpretacións da información, se procede.
21. Darlle tempo ao paciente para que faga preguntas e discuta as súas inquietudes.
22. Seleccionar novos métodos/estratexias de ensino, se os anteriores fosen ineficaces.
23. Remitir o paciente a outros especialistas/centros para conseguir os obxectivos de ensino, se é preciso.
24. Rexistrar o contido presentado, os materiais escritos proporcionados e a comprensión do paciente da información ou as condutas do paciente que indiquen aprendizaxe no rexistro médico permanente.
25. Incluír a familia/ser querido, se é posible.

Ensino: sexo seguro 5622

Definición: proporcionar instrucións acerca de medidas de protección durante a relación sexual.

Actividades:

1. Subliñar a importancia de coñecer o historial sexual do compañeiro, se resulta oportuno.
2. Instruír o paciente nas prácticas sexuais de baixo risco, como as que evitan a penetración corporal ou o intercambio de fluídos corporais.
3. Instruír o paciente sobre a importancia dunha boa hixiene, lubricación e eliminación de ouriños despois da relación, para diminuír a susceptibilidade as infeccións.
4. Fomentar o uso de preservativos, se procede.
5. Ensinarlle ao paciente a elixir preservativos e a mantelos intactos, se procede.
6. Instruír o paciente sobre a colocación e a extracción correcta dos preservativos, se procede.
7. Discutir co paciente as formas de convencer o compañeiro para que use preservativos.
8. Instruír o paciente en produtos espermicidas que poidan atallar as enfermidades de transmisión sexual, se procede.
9. Proporcionarlle ao paciente produtos espermicidas e preservativos.
10. Animar o paciente con alto risco de padecer enfermidades de transmisión sexual a pasar exames regulares.
11. Planificar clases de educación sexual para grupos de pacientes, se procede.

Escoita activa 4920

Definición: grande atención e determinación da importancia das mensaxes verbais e non verbais do paciente.

Actividades:

1. Establecer o propósito da interacción.
2. Mostrar interese no paciente.
3. Favorecer a expresión de sentimentos.
4. Centrarse completamente na interacción eliminando prexuízos, presuncións, preocupacións persoais e outras distraccións.
5. Mostrar conciencia e sensibilidade ás emocións.
6. Estar atento á propia actitude física na comunicación de mensaxes non verbais.
7. Escoitar por se hai mensaxes e sentimentos non expresados, así como prestarlle atención á conversación.
8. Estar atento ás palabras que se evitan, así como ás mensaxes non verbais que acompañan as palabras expresadas.
9. Estar atento ao ton, tempo, volume, ton e inflexión da voz.
10. Identificar os temas predominantes.
11. Determinar o significado das mensaxes reflexionando sobre as actitudes, experiencias pasadas e a situación actual.
12. Calcular unha resposta, de forma que reflicta a comprensión da mensaxe recibida.
13. Aclarar a mensaxe mediante o uso de preguntas e retroalimentación.
14. Verificar a comprensión da mensaxe.
15. Recorrer a unha serie de interaccións para descubrir o significado do comportamento.
16. Evitar barreiras á escoita activa (minimizar sentimentos, ofrecer solucións sinxelas, interromper, falar dun mesmo e rematar de xeito prematuro).
17. Utilizar o silencio/escoita para animar a expresar sentimentos, pensamentos e preocupacións.

Fomentar a implicación familiar 7110

Definición: facilitar a participación da familia no coidado emocional e físico do paciente.

Actividades:

1. Establecer unha relación persoal co paciente e cos membros da familia que estarán implicados no coidado.
2. Identificar a capacidade dos membros da familia para implicarse no coidado do paciente.
3. Determinar os recursos físicos, emocionais e educativos do coidador principal.
4. Identificar os déficits de autocoidados do paciente.
5. Identificar a disposición dos membros da familia para implicarse co paciente.
6. Identificar as expectativas dos membros da familia respecto do paciente.
7. Animar os membros da familia e do paciente a axudar a desenvolver un plan de coidados, incluíndo resultados esperados e a implantación do plan de coidados.
8. Animar os membros da familia e o paciente a ser asertivos nas súas relacións cos profesionais sanitarios.
9. Observar a estrutura familiar e os seus roles.
10. Observar a implicación dos membros da familia no coidado do paciente.
11. Proporcionarlles información crucial aos membros da familia sobre o paciente, de acordo cos desexos deste último.
12. Facilitarlles a comprensión de aspectos médicos do estado do paciente aos membros da familia.
13. Identificar a percepción por parte dos membros da familia da situación e dos sucesos desencadeantes, sentimentos do paciente e condutas do paciente.
14. Identificar outros factores relacionado co estrés sobre a situación para os membros da familia.
15. Recoñecer os síntomas físicos relacionados co estrés dos membros da familia (choro, náuseas, vómitos e estado de distracción).
16. Determinar o nivel de dependencia respecto da familia que ten o paciente, se procede pola idade ou a enfermidade.
17. Animar a familia a que se centre en calquera aspecto positivo da situación do paciente.
18. Recoñecer e respectar os mecanismos para enfrontarse cos problemas utilizados pola familia.
19. Identificar as dificultades de afrontamento do paciente xunto cos membros da familia.
20. Identificar as capacidades e habilidades do paciente xunto cos membros da familia.
21. Informar os membros da familia dos factores que poden mellorar o estado do paciente.
22. Animar os membros da familia a manter relacións familiares, segundo cada caso.
23. Comentar as opcións existentes segundo o tipo de coidados necesarios na casa, como vida en grupo, coidados de residencia e coidados intermitentes, se procede.
24. Facilitar o control familiar dos aspectos médicos da enfermidade por parte dos membros da familia.

Fomento do exercicio 0200

Definición: facilitar regularmente a realización de exercicios físicos, co fin de manter ou mellorar o estado físico e o nivel de saúde.

Actividades:

1. Valorar as ideas do individuo sobre o efecto do exercicio físico na saúde.
2. Determinar a motivación do individuo para empezar/continuar co programa de exercicios.
3. Explorar as barreiras para o exercicio.
4. Fomentar a manifestación oral de sentimentos acerca dos exercicios ou da súa necesidade.
5. Animar o individuo a empezar ou a continuar co exercicio.
6. Axudar a identificar un modelo positivo para o mantemento do programa de exercicios.
7. Axudarlle ao individuo a desenvolver un programa de exercicios adecuado ás súas necesidades.
8. Axudarlle ao individuo a establecer as metas a curto e longo prazo do programa de exercicios.
9. Axudarlle ao individuo a integrar o programa de exercicios na súa rutina semanal.
10. Realizar os exercicios coa persoa, se procede.
11. Incluír a familia/coidadores do paciente na planificación e mantemento do programa de exercicios.
12. Informar o individuo acerca dos beneficios para a saúde e os efectos psicolóxicos do exercicio.
13. Instruír o individuo acerca do tipo de exercicio adecuado para o seu nivel de saúde, en colaboración co médico e/ou o fisioterapeuta.
14. Instruír o individuo acerca da frecuencia, duración e intensidade desexadas dos exercicios do programa.
15. Controlar o cumprimento do individuo do programa/actividade de exercicios.
16. Axudarlle ao individuo a preparar e rexistrar nun gráfico/folla os progresos para motivar a adhesión ao programa de exercicios.
17. Instruír o individuo acerca das condicións que xustifiquen o cesamento ou a alteración do programa de exercicios.
18. Instruír o individuo nos exercicios de prequentamento e relaxación adecuados.
19. Preparar o individuo en técnicas para evitar lesións durante o exercicio.
20. Ensinarlle ao individuo técnicas de respiración axeitadas para maximizar a absorción de osíxeno durante o exercicio físico.
21. Reforzar o programa para potenciar a motivación do paciente (p. ex.: estimación do aumento da resistencia; pesaxes semanais).
22. Controlar a resposta do individuo ao programa de exercicios.
23. Proporcionar unha resposta positiva aos esforzos do individuo.

Manexo ambiental 6480

Definición: manipulación do ámbito do paciente para conseguir beneficios terapéuticos, interese sensorial e benestar psicolóxico.

Actividades:

1. Crear un ambiente seguro para o paciente.
2. Identificar as necesidades de seguridade do paciente, segundo a función física, cognoscitiva e o historial de conduta.
3. Eliminar os factores de perigo do ambiente (alfombras ou mantas frouxas e mobles pequenos, móbiles).
4. Retirar do contorno os obxectos que sexan perigosos.
5. Dispoñer medidas de seguridade mediante varandas laterais ou o acolchamento de varandas, se procede.
6. Dispoñer dispositivos de adaptación (banco de escaleira ou varandas), se procede.
7. Colocar os mobles no cuarto dun xeito que se acomode mellor ás minusvalías do paciente ou da familia.
8. Colocar os obxectos de uso frecuente ao alcance do paciente.
9. Eliminar os materiais utilizados durante o cambio de apósitos e a eliminación, así como calquera olor residual antes das visitas e das comidas.
10. Diminuír os estímulos ambientais, se procede.
11. Evitar as exposicións innecesarias, correntes, exceso de calefacción ou frío.
12. Axustar unha temperatura ambiental adaptada ás necesidades do paciente, en caso de que se altere a temperatura corporal.
13. Controlar ou evitar ruídos indesexables ou excesivos, cando sexa posible.
14. Proporcionar música.
15. Proporcionar auriculares para escoitar música en privado cando esta poida molestar outras persoas.
16. Controlar a iluminación para conseguir beneficios terapéuticos.
17. Proporcionarlle á familia/ser querido información sobre a composición dun ambiente caseiro seguro para o paciente.

Manexo ambiental: seguridade 6486

Definición: vixiar e actuar sobre o ambiente físico para fomentar a seguridade.

Actividades:

1. Identificar as necesidades de seguridade, segundo a función física, cognitiva e o historial de conduta do paciente.
2. Identificar os riscos respecto da seguridade no ambiente (físico, biolóxico e químico).
3. Eliminar os factores de perigo do ambiente, cando sexa posible.
4. Modificar o ambiente para minimizar os perigos e riscos.
5. Dispoñer dispositivos de adaptación (banqueta de escaleira ou varandas) para aumentar a seguridade do ambiente.
6. Utilizar dispositivos de protección (restrición física, portas pechadas, valos e portóns) para limitar fisicamente a mobilidade ou acceder a situacións perigosas.
7. Proporcionarlle ao paciente números telefónicos de urxencias (centro de saúde, urxencias sanitarias 061, emerxencias 112, policía, centro nacional de toxicoloxía,...).
8. Observar se se producen cambios no estado de seguridade do ambiente.
9. Axudarlle ao paciente a construír un ambiente máis seguro (remitirse á "Asistencia no mantemento do fogar" → Clasificación de Intervencións de Enfermería).

Manexo da eliminación urinaria 0590

Definición: mantemento dun esquema de eliminación urinaria óptimo.

Actividades:

1. Controlar periodicamente a eliminación urinaria, incluíndo a frecuencia, consistencia, olor, volume e cor, se procede.
2. Observar se hai signos e síntomas de retención urinaria.
3. Identificar factores que contribúan a episodios de incontinencia.
4. Ensinarlle ao paciente/familia a rexistrar a produción urinaria, se procede.
5. Remitirlle ao médico se se producen signos e síntomas de infección do tracto urinario.
6. Ensinarlle ao paciente a obter mostras de ouriños a metade da micción ao primeiro signo e síntoma de infección.
7. Ensinar a responder inmediatamente á urxencia de mexar, se procede.
8. Ensinarlle ao paciente a beber un cuarto de litro de líquido coas comidas, entre as comidas e o anoitecer.
9. Axudarlle ao paciente co desenvolvemento da rutina de ir ao aseo, se procede.
10. Restrinxir os líquidos, se procede.
11. Ensinarlle ao paciente a observar os signos e os síntomas de infección do tracto urinario.

Manexo da enerxía 0180

Definición: regulación do uso de enerxía para tratar ou evitar a fatiga e mellorar as funcións.

Actividades:

1. Determinar as limitacións físicas do paciente.
2. Determinar a percepción da causa de fatiga por parte do paciente/ser querido.
3. Favorecer a expresión verbal dos sentimentos acerca das limitacións.
4. Determinar a causa de fatiga (tratamentos, dor e medicamentos).
5. Determinar que e canta actividade se necesita para reconstruír a resistencia física.
6. Controlar a inxestión nutricional para asegurar recursos enerxéticos adecuados.
7. Consultar co dietista a forma de aumentar a inxestión de alimentos enerxéticos.
8. Observar o paciente por se aparecen indicios de exceso de fatiga física e emocional.
9. Vixiar a resposta cardiorrespiratoria á actividade (taquicardia, outras disritmias, dispnea, diaforese, palidez, presións hemodinámicas e frecuencia respiratoria).
10. Observar/rexistrar o esquema e número de horas de sono do paciente.
11. Observar a localización e a natureza da molestia ou dor durante o movemento/actividade.
12. Diminuír as molestias físicas que poidan interferir coa función cognoscitiva e o autocontrol/regulación da actividade.
13. Establecer límites á hiperactividade cando interfira con outras persoas ou co paciente.
14. Limitar os estímulos ambientais (luz e ruídos) para facilitar a relaxación.
15. Limitar a cantidade de visitas e as interrupcións por parte destas, se procede.
16. Favorecer o repouso/limitación de actividades (aumentar o número de períodos de descanso).
17. Facilitar a alternancia de períodos de repouso e actividade.
18. Establecer actividades físicas que reduzan a competencia de achega de osíxeno ás funcións corporais vitais (evitar a actividade inmediatamente despois das comidas).
19. Utilizar exercicios de movementos articulares activos para aliviar a tensión muscular.
20. Facilitar actividades de recreo que induzan calma para favorecer a relaxación.
21. Fomentar as sestas, se resulta apropiado.
22. Axudarlle ao paciente a programar períodos de descanso.
23. Evitar realizar actividades de coidados durante os períodos de descanso programados.
24. Planificar as actividades para os períodos nos que o paciente ten máis enerxía.
25. Axudarlle ao paciente a sentar no bordo da cama, se non pode moverse ou camiñar.
26. Axudar nas actividades físicas normais (deambulación, traslados, xiros e coidado persoal), se resulta necesario.
27. Favorecer a actividade física (deambulación, traslados, xiros e coidado persoal), se resulta necesario.
28. Controlar a administración e o efecto dos estimulantes ou sedantes.
29. Favorecer a actividade física (deambulación ou realización de actividades da vida diaria, coherente cos recursos enerxéticos do paciente).
30. Controlar a resposta de osíxeno do paciente (frecuencia cardíaca, ritmo cardíaco e frecuencia respiratoria) aos autocoidados ou actividades de coidados por parte doutros.
31. Ensinarlles ao paciente e aos seres queridos aquelas técnicas de autocoidados que minimicen o consumo de osíxeno (técnicas de automonitorización e por pasos na realización das actividades diarias).
32. Instruír o paciente/ser querido a recoñecer os signos e síntomas de fatiga que requiran unha diminución da actividade.

33. Instruír o paciente/ser querido a notificar dos coidados sanitarios proporcionados se os signos e síntomas persistisen.
34. Axudarlle ao paciente a comprender os principios de conservación de enerxía (requisitos para a restrición de actividade ou repouso en cama).
35. Axudarlle ao paciente a identificar as tarefas que poden ser realizadas polos familiares e amigos na casa para evitar ou aliviar a fatiga.
36. Ensinar técnicas de organización de actividades e xestión do tempo para evitar a fatiga.
37. Axudarlle ao paciente a priorizar as actividades para acomodar os niveis de enerxía.
38. Axudarlle ao paciente/ser querido a establecer metas realistas de actividades.
39. Axudarlle ao paciente a identificar as preferencias de actividades.
40. Axudarlle ao paciente a elixir actividades que reconstrúan a resistencia de forma gradual.
41. Axudarlle ao paciente a limitar o sono diúrno proporcionando actividades que fomenten estar esperto de forma plena, se procede.
42. Avaliar o aumento programado dos niveis de actividades.
43. Axudarlle ao paciente a automonitorizarse desenvolvendo e utilizando un rexistro de inxestión calorífica e de gasto de enerxía, se procede.

Manexo da nutrición 1100

Definición: axudar ou proporcionar unha dieta equilibrada de sólidos e líquidos.

Actividades:

1. Preguntarlle ao paciente se ten alerxia a algún alimento.
2. Determinar as preferencias de comidas do paciente.
3. Determinar —en colaboración co dietista, se procede— o número de calorías e o tipo de nutrientes necesarios para satisfacer as esixencias de alimentación.
4. Fomentar a inxestión de calorías axeitadas ao tipo corporal e ao estilo de vida.
5. Favorecer a inxestión de alimentos ricos en ferro, se procede.
6. Fomentar o aumento de inxestión de proteínas, ferro e vitamina C, se é o caso.
7. Ofrecer refrixerios (bebidas e froita fresca/zumes de froita) cando sexa preciso.
8. Dar comidas lixeiras, en puré e brandas, se procede.
9. Proporcionar un substituto do azucre, cando resulte oportuno.
10. Asegurarse de que a dieta inclúe alimentos ricos en fibra para evitar o estrinximento.
11. Ofrecer herbas e especias como alternativas ao sal.
12. Proporcionarlle ao paciente alimentos nutritivos, ricos en calorías e proteínas e bebidas que poidan consumirse doadamente, se procede.
13. Realizar unha selección de comidas.
14. Axustar a dieta ao estilo de vida do paciente, segundo cada caso.
15. Ensinarlle ao paciente a levar un diario de comidas, se é necesario.
16. Comprobar a inxestión rexistrada para ver o contido nutricional e calorífico.
17. Pesar o paciente a intervalos adecuados.
18. Animar o paciente a que utilice dentaduras de axuste correcto e/ou a que obteña coidados dentais.
19. Proporcionar información adecuada acerca das necesidades nutricionais e o modo de satisfacelas.
20. Fomentar técnicas seguras de preparación e preservación de alimentos.
21. Determinar a capacidade do paciente para satisfacer as necesidades nutricionais.
22. Axudarlle ao paciente a recibir asistencia dos programas nutricionais comunitarios apropiados, se é preciso.

Manexo das vías aéreas 3140

Definición: asegurar a permeabilidade da vía aérea.

Actividades:

1. Colocar o paciente na posición que permita que o potencial de ventilación sexa o máximo posible.
2. Realizar fisioterapia torácica se está indicado.
3. Eliminar as secrecións fomentando a tose.
4. Fomentar unha respiración lenta e profunda, xiros e tose.
5. Ensinar a tusir de xeito efectivo.
6. Auscultar sons respiratorios, observando as áreas de diminución ou ausencia de ventilación e a presenza de sons adventicios.
7. Administrar broncodilatadores, se procede.
8. Ensinarlle ao paciente a utilizar inhaladores prescritos, se é o caso.
9. Administrar tratamentos con aerosol, se é o caso.
10. Administrar tratamentos con nebulizador ultrasónico, se procede.
11. Administrar aire ou osíxeno humidificados, se procede.
12. Regular a inxestión de líquidos para optimizar o equilibrio de líquidos.
13. Colocar o paciente en posición tal que se alivie a dispnea.
14. Vixiar o estado respiratorio e de osixenación, se procede.

Manexo de presións 3500

Definición: minimizar a presión sobre as partes corporais.

Actividades:

1. Vestir o paciente con prendas non axustadas.
2. Colocar o paciente sobre un colchón/cama terapéutica.
3. Colocar a zona sobre unha almofada de escuma de poliuretano, se procede.
4. Absterse de aplicar presión á parte corporal afectada.
5. Administrar friccións na costas/colo, se está indicado.
6. Elevar a extremidade lesionada.
7. Xirar o paciente inmobilizado polo menos cada dúas horas, de acordo co programa específico.
8. Facilitar pequenos cambios do peso corporal.
9. Observar se hai zonas de arrubiamento ou solución de continuidade da pel.
10. Comprobar a mobilidade e a actividade do paciente.
11. Utilizar unha ferramenta de valoración de risco establecida para vixiar os factores de risco do paciente (escala de Braden).
12. Utilizar os dispositivos adecuados para manter os talóns e prominencias óseas libres de presións continuas.
13. Aplicar protectores de talóns, se o precisa o caso.
14. Vixiar o estado nutricional do paciente.
15. Observar se hai fontes de cizallamento.

Manexo da dor 1400

Definición: alivio ou diminución da dor a un nivel de tolerancia que sexa aceptable para o paciente.

Actividades:

1. Realizar unha valoración exhaustiva da dor que inclúe a localización, características, aparición/duración, frecuencia, calidade, intensidade ou severidade da dor e factores desencadeantes.
2. Observar claves non verbais de molestias, especialmente naqueles que non poden comunicarse eficazmente.
3. Asegurarse de que o paciente reciba os coidados analxésicos correspondentes.
4. Utilizar estratexias de comunicación terapéuticas para recoñecer a experiencia da dor e mostrar a aceptación da resposta do paciente á dor.
5. Explorar o coñecemento e as crenzas do paciente sobre a dor.
6. Considerar as influencias culturais sobre a resposta á dor.
7. Determinar o impacto da experiencia da dor sobre a calidade de vida (sono, apetito, actividade, función cognoscitiva, humor, relacións, traballo e responsabilidade de roles).
8. Explorar co paciente os factores que alivian/empeoran a dor.
9. Avaliar as experiencias pasadas coa dor que inclúan o historial individual e familiar de dores crónicas ou que leven consigo minusvalidez, se é o caso.
10. Avaliar, co paciente e co equipo de coidados, a eficacia das medidas pasadas de control da dor que se utilizaran.
11. Axudarlle ao paciente e á familia a obter e proporcionar apoio.
12. Utilizar un método de valoración adecuado que permita o seguimento dos cambios na dor e que axude a identificar os factores desencadeantes reais e potenciais (folla de informe, levar un diario).
13. Determinar a frecuencia necesaria para a realización dunha valoración da comodidade do paciente e poñer en práctica un plan de seguimento.
14. Proporcionar información acerca da dor, tal como causas da dor, o tempo que durará e as incomodidades que se esperan debido aos procedementos.
15. Controlar os factores ambientais que poidan influír na resposta do paciente ás molestias (temperatura do cuarto, iluminación e ruídos).
16. Diminuír ou eliminar os factores que precipiten ou aumenten a experiencia da dor (medo, fatiga, monotonía e falta de coñecementos).
17. Considerar a dispoñibilidade do paciente a participar, capacidade de participar, preferencias, apoio do método por parte dos seres queridos e contraindicacións ao seleccionar unha estratexia de alivio da dor.
18. Seleccionar e desenvolver aquelas medidas (farmacolóxica, non farmacolóxica e interpersoal) que faciliten o alivio da dor, se procede.
19. Ensinar os principios de control da dor.
20. Considerar o tipo e a fonte da dor ao seleccionar unha estratexia de alivio desta.
21. Animar o paciente a vixiar a súa propia dor e a intervir en consecuencia.
22. Ensinar o uso de técnicas non farmacolóxicas (retroalimentación, estimulación nerviosa eléctrica, transcutánea, hipnose, relaxación, capacidade de imaxinación guiada, musicoterapia, distracción, terapia de xogos, terapia de actividade, acupresión, aplicación de calor/frío e masaxes) antes, despois e, se fose posible, durante as actividades dolorosas;

antes de que se produza a dor ou de que aumente e xunto coas outras medidas de alivio da dor.
23. Explorar o uso actual do paciente de métodos farmacolóxicos de alivio da dor.
24. Ensinar métodos farmacolóxicos de alivio da dor.
25. Animar o paciente a utilizar medicación para a dor axeitada.
26. Colaborar co paciente, seres queridos e demais coidadores para seleccionar e desenvolver as medidas non farmacolóxicas de alivio da dor, se procede.
27. Proporcionarlle á persoa un alivio da dor óptima mediante analxésicos prescritos.
28. Poñer en práctica o uso da analxesia controlada polo paciente, se se considera oportuno.
29. Utilizar medidas de control da dor antes de que a dor sexa severa.
30. Medicar antes dunha actividade para aumentar a participación, aínda que valorando o perigo da sedación.
31. Asegurar as estratexias de analxesia de pretratamento e/ou non farmacolóxica antes dos procedementos dolorosos.
32. Verificar o nivel de molestia co paciente, anotar os cambios no rexistro médico e informar os outros coidadores que traballen co paciente.
33. Avaliar a eficacia das medidas de alivio da dor, a través dunha valoración continua da experiencia dolorosa.
34. Instaurar e modificar as medidas de control da dor en función da resposta do paciente.
35. Fomentar períodos de descanso/sono adecuados que faciliten o alivio da dor.
36. Alentar o paciente a que discuta a experiencia dolorosa, se é o caso.
37. Notificarlle ao médico se as medidas non teñen éxito ou se a queixa actual constitúe un cambio significativo nas experiencias pasadas da dor do paciente.
38. Informar a outros coidadores/membros da familia sobre as estratexias non farmacolóxicas utilizadas polo paciente para fomentar actitudes preventivas no manexo da dor.
39. Utilizar un enfoque multidisciplinar para o manexo da dor, cando corresponda.
40. Considerar a posibilidade de remitir o paciente, familia e seres queridos a grupos de apoio e outros recursos existentes, se procede.
41. Proporcionar unha información veraz para alentar o coñecemento e a resposta da familia á experiencia da dor.
42. Integrar a familia na modalidade de alivio da dor, se fose posible.
43. Monitorizar o grao de satisfacción do paciente co control da dor a intervalos especificados.

Manexo do estrinximento/impactación 0450

Definición: prevención e alivio do estrinximento/impactación.

Actividades:

1. Vixiar a aparición de signos e síntomas de estrinximento.
2. Vixiar a aparición de signos e síntomas de impactación.
3. Comprobar movementos intestinais, incluíndo frecuencia, consistencia, forma, volume e cor, se procede.
4. Vixiar a existencia de sons intestinais.
5. Identificar os factores (medicamentos, repouso na cama e dieta) que poden ser causa do estrinximento ou que contribúan a este.
6. Fomentar o aumento da inxestión de líquidos, a menos que estea contraindicado.
7. Avaliar a medicación para ver se hai efectos gastrointestinais secundarios.
8. Ensinarlle ao paciente/familia que rexistre a cor, volume, frecuencia e consistencia das deposicións.
9. Ensinarlle ao paciente/familia a manter un diario de comidas.
10. Instruír o paciente/familia acerca da dieta rica en fibra, se procede.
11. Instruír o paciente/familia sobre o uso correcto de laxantes.
12. Instruír o paciente/familia sobre a relación entre dieta, exercicio e a inxestión de líquidos para o estrinximento/impactación.
13. Consultar co médico se persisten os signos e síntomas do estrinximento/impactación.
14. Administrar laxantes ou lavativas, se procede.
15. Informar o paciente acerca do procedemento de extracción manual de feces, se fose necesario.
16. Extraer a impactación fecal manualmente, se fose necesario.
17. Administrar a lavativa ou a irrigación, cando proceda.
18. Ensinarlle ao paciente/familia os procesos dixestivos normais.
19. Ensinarlle ao paciente/familia o tempo de resolución do estrinximento.

Manexo intestinal 0430

Definición: establecemento e mantemento dunha evacuación intestinal de esquema regular.

Actividades:

1. Tomar nota da data do último movemento intestinal.
2. Controlar os movementos intestinais, incluíndo a frecuencia, consistencia, forma, volume e cor, se procede.
3. Observar se hai sons intestinais.
4. Informar acerca de calquera aumento de frecuencia e/ou sons intestinais agudos.
5. Informar se hai diminución de sons intestinais.
6. Observar se hai signos e síntomas de diarrea, estrinximento e impactación.
7. Avaliar a incontinencia fecal, se é o caso.
8. Tomar nota de problemas intestinais, rutina intestinal e uso de laxantes con anterioridade.
9. Ensinarlle ao paciente as comidas específicas que axudan a conseguir un adecuado ritmo intestinal.
10. Instruír o paciente/membros da familia a rexistrar a cor, volume, frecuencia e consistencia das feces.
11. Administrar supositorios de glicerina, se é necesario.
12. Poñer en marcha un programa de adestramento intestinal, se resulta oportuno.
13. Diminuír a inxestión de alimentos que formen gases, se procede.
14. Instruír o paciente sobre os alimentos de alto contido en fibras.
15. Administrar líquidos quentes despois das comidas, se está indicado.
16. Avaliar o perfil da medicación para determinar efectos secundarios gastrointestinais.

Mellorar a comunicación: déficit auditivo 4974

Definición: axuda na aceptación e aprendizaxe dos métodos alternativos para vivir cunha diminución da capacidade auditiva.

Actividades:

1. Facilitar o uso de dispositivos que melloren a audición, se procede.
2. Manter o dispositivo de audición limpo.
3. Comprobar as pilas do dispositivo de audición de forma rutineira.
4. Dar ordes sinxelas, unha a unha.
5. Escoitar atentamente.
6. Achegarse ao oído menos afectado.
7. Mirar directamente o paciente, falar devagar, claro e conciso.
8. Utilizar palabras simples e frases curtas, se procede.
9. Aumentar o volume da voz, se procede.
10. Non cubrir a boca, fumar, falar coa boca chea ou mastigar goma de mascar ao falar.
11. Chamar a atención do paciente mediante o contacto físico.
12. Utilizar papel, lapis ou comunicación por ordenador, cando sexa necesario.

Mellorar a comunicación verbal: déficit da fala 4976

Definición: axuda na aceptación e aprendizaxe dos métodos alternativos para vivir con trastornos da fala.

Actividades:

1. Solicitar a axuda da familia na comprensión da linguaxe do paciente, se procede.
2. Permitir que o paciente escoite linguaxe falada con frecuencia, se é preciso.
3. Dispoñer guías/recordatorios verbais.
4. Dar unha orde simple cada vez, se é o caso.
5. Escoitar con atención.
6. Utilizar palabras simples e frases curtas, se procede.
7. Absterse de lle berrar ao paciente con trastornos de comunicación.
8. Absterse de baixar a voz ao final dunha frase.
9. Estar de pé diante do paciente ao falar.
10. Utilizar cartóns con debuxos, se é preciso.
11. Utilizar xestos coas mans.
12. Realizar terapias de linguaxe-fala prescritas durante os contactos informais co paciente.
13. Instruír o paciente e a familia sobre dispositivos de axuda da fala (próteses traqueoesofáxicas e larinxes artificiais).
14. Animar o paciente a que repita as palabras.
15. Proporcionar un reforzo e unha valoración positiva, se procede.
16. Seguir as conversacións nun sentido, segundo corresponda.
17. Reforzar a necesidade de seguimento dun foniatra despois da alta.
18. Utilizar un intérprete, se fose necesario.

Mellorar o sono 1850

Definición: facilitar ciclos regulares de sono/vixilia.

Actividades:

1. Determinar o esquema de sono/vixilia do paciente.
2. Incluír o ciclo regular de sono/vixilia do paciente na planificación de coidados.
3. Determinar os efectos que ten a medicación do paciente no esquema de sono.
4. Axustar o ambiente (luz, ruído, temperatura, colchón e cama) para favorecer o sono.
5. Animar o paciente a que estableza unha rutina á hora de ir para a cama, para facilitar a transición do estado de vixilia ao de sono.
6. Controlar a inxestión de alimentación e bebida á hora de ir para a cama para determinar os produtos que faciliten ou entorpezan o sono.
7. Ensinarlle ao paciente a controlar as pautas de sono.
8. Axudarlle ao paciente a evitar á hora de ir á cama os alimentos e bebidas que interfiran no sono.
9. Axudarlle ao paciente a limitar o sono durante o día dispoñendo unha actividade que favoreza a vixilia, se procede.
10. Ensinarlle ao paciente a realizar unha relaxación muscular autoxénica ou outras formas non farmacolóxicas de indución do sono.
11. Dispoñer/levar a cabo medidas agradables: masaxes, colocación e contacto afectuoso.
12. Fomentar o aumento das horas de sono, se fose necesario.
13. Dispoñer sestas durante o día, se se indica, para cumprir coas necesidades de sono.
14. Identificar os medicamentos que o paciente está tomando para o sono.
15. Regular os estímulos do ambiente para manter os ciclos día-noite normais.
16. Comentar co paciente e a familia técnicas para favorecer o sono.
17. Proporcionar folletos informativos sobre técnicas favorecedoras do sono.

Modificación da conduta 4360

Definición: promoción dun cambio de conduta.

Actividades:

1. Determinar a motivación ao cambio do paciente.
2. Axudarlle ao paciente a identificar a súa fortaleza e a reforzala.
3. Fomentar a substitución de hábitos indesexables por hábitos desexables.
4. Ofrecer un reforzo positivo ás decisións do paciente que foron tomadas independentemente.
5. Animar o paciente a que examine a súa propia conduta.
6. Axudarlle ao paciente a identificar os máis pequenos éxitos producidos.
7. Identificar a conduta que ha de cambiarse (conduta obxectiva) en termos específicos concretos.
8. Utilizar períodos de tempo específicos ao medir as unidades de conduta (p. ex.: número de cigarros fumados ao día).
9. Establecer obxectivos de conduta de forma escrita.
10. Establecer un suceso guía da conduta antes de iniciar o cambio.
11. Desenvolver un método (un gráfico ou diagrama) para rexistrar a conduta e os seus cambios.
12. Animar o paciente a participar no rexistro de condutas.
13. Discutir o proceso de modificación da conduta co paciente/ser querido.
14. Facilitar a implicación doutros coidadores sanitarios no proceso de modificación, se procede.
15. Facilitar a implicación familiar no proceso de modificación, se procede.
16. Animar o paciente a participar na selección de reforzos.
17. Elixir reforzos que teñan sentido para o paciente.
18. Considerar os reforzos dados polos coidadores (atención, tempo de conversación e lectura ofrecidas ao paciente).
19. Rexistrar o proceso de modificación, se é necesario.
20. Comunicarlle o plan de intervención e as modificacións ao equipo de tratamento regularmente.
21. Realizar un seguimento de reforzo a longo prazo (contacto telefónico ou persoal).

Potenciación da autoestima 5400

Definición: axudarlle a un paciente a que aumente o xuízo persoal da súa propia valía.

Actividades:

1. Observar as frases do paciente sobre a súa propia valía.
2. Determinar a posición de control do paciente.
3. Determinar a confianza do paciente nos seus propios xuízos.
4. Animar o paciente a identificar as súas virtudes.
5. Fomentar o contacto visual ao comunicarse con outras persoas.
6. Reafirmar as virtudes persoais que identifique o paciente.
7. Proporcionar experiencias que aumenten a autonomía do paciente, se procede.
8. Axudarlle ao paciente a identificar as respostas positivas dos demais.
9. Absterse de realizar críticas negativas e de queixarse.
10. Absterse de burlarse.
11. Mostrar confianza na capacidade do paciente para controlar unha situación.
12. Axudar a establecer obxectivos realistas para conseguir unha autoestima máis alta.
13. Axudarlle ao paciente a aceptar a dependencia doutros, se procede.
14. Axudarlle ao paciente a reexaminar as percepcións negativas que ten de si mesmo.
15. Fomentar o aumento de responsabilidade de si mesmo, se procede.
16. Explorar as consecucións con éxito anteriores.
17. Explorar as razóns da autocrítica ou culpa.
18. Animar o paciente a avaliar a súa propia conduta.
19. Animar o paciente a que acepte novos desafíos.
20. Recompensar ou gabar o progreso do paciente na consecución de obxectivos.
21. Facilitar un ambiente e actividades que aumenten a autoestima.
22. Axudarlle ao paciente a identificar a importancia da súa cultura, relixión, raza, xénero e idade na autoestima e os niveis de autoestima no tempo.
23. Comprobar a frecuencia das manifestacións negativas sobre si mesmo.
24. Observar a falta de seguimento na consecución de obxectivos.
25. Observar os niveis de autoestima, se procede.
26. Realizar afirmacións positivas sobre o paciente.

Potenciación da socialización 5100

Definición: facilitar a capacidade dunha persoa para interactuar con outros.

Actividades:

1. Fomentar a implicación en relacións potenciadas xa establecidas.
2. Animar o paciente a desenvolver relacións.
3. Fomentar as relacións con persoas que teñan intereses e obxectivos comúns.
4. Fomentar as actividades sociais e comunitarias.
5. Fomentar compartir problemas comúns cos demais.
6. Fomentar a sinceridade ao presentarse aos demais.
7. Fomentar a implicación en intereses totalmente novos.
8. Fomentar o respecto dos dereitos dos demais.
9. Responder á mellora do coidado do aspecto persoal e demais actividades.
10. Axudarlle ao paciente a que aumente a consciencia das súas virtudes e as súas limitacións na comunicación cos demais.
11. Proporcionar modelos de rol que expresen a ira de forma axeitada.
12. Solicitar e esperar comunicacións verbais.
13. Responder de forma positiva cando o paciente estableza o contacto cos demais.
14. Explorar os puntos fortes e débiles do círculo actual de relacións.

Precaucións para evitar a aspiración 3200

Definición: prevención ou diminución ao mínimo dos factores de risco no paciente con risco de aspiración.

Actividades:

1. Vixiar o nivel de consciencia, reflexos de tose, reflexos de gases e capacidade deglutiva.
2. Controlar o estado pulmonar.
3. Colocación vertical a 90º ou o máis incorporado posible.
4. Manter o equipo de aspiración dispoñible.
5. Alimentación en pequenas cantidades.
6. Comprobar a colocación da sonda nasogástrica ou de gastrostomía antes da alimentación.
7. Comprobar os residuos nasogástricos ou de gastrostomía antes da alimentación.
8. Evitar a alimentación, se os residuos son abundantes.
9. Evitar líquidos e utilizar axentes espesantes.
10. Ofrecer alimentos e líquidos que poidan formar un bolo antes da deglutición.
11. Cortar os alimentos en porcións pequenas.
12. Romper ou esmiuzar as pílulas antes da súa administración.
13. Manter o cabeceiro da cama elevado durante 30 a 45 minutos despois da alimentación.
14. Suxerir a consulta con foniatría ou logopedia, se procede.

Prevención de caídas 6490

Definición: establecer precaucións especiais en pacientes con alto risco de lesións por caídas.

Actividades:

1. Identificar déficits cognoscitivos ou físicos do paciente que poidan aumentar a posibilidade de caídas nun ambiente dado.
2. Identificar condutas e factores que afectan o risco de caídas.
3. Revisar a historia de caídas co paciente e a familia.
4. Identificar as características do ambiente que poidan aumentar as posibilidades de caídas (chans escorregadizos e escaleiras sen varandas).
5. Controlar a marcha, o equilibrio e o cansazo na deambulación.
6. Pedirlle ao paciente a súa percepción de equilibrio, segundo proceda.
7. Compartir co paciente observacións sobre o paso e o movemento.
8. Suxerir cambios no paso do paciente.
9. Axudarlle ao paciente a adaptarse ás modificacións suxeridas do xeito de camiñar.
10. Axudar á deambulación da persoa inestable.
11. Proporcionar dispositivos de axuda (bastón ou barra de apoio para camiñar) para conseguir unha deambulación estable.
12. Animar o paciente a utilizar un bastón ou un andador, se procede.
13. Ensinarlle ao paciente a utilizar un bastón ou un andador, se procede.
14. Manter os dispositivos de axuda en bo estado de uso.
15. Bloquear as rodas das cadeiras, camas ou outros dispositivos na transferencia do paciente.
16. Colocar os obxectos ao alcance do paciente sen que teña que facer esforzos.
17. Instruír o paciente para que pida axuda ao moverse, se o precisa.
18. Observar a habilidade para pasar da cama á cadeira, e viceversa.
19. Utilizar a técnica adecuada para colocar e levantar o paciente da cadeira de rodas, cama, baño, etc.
20. Dispoñer un asento de baño elevado para que a transferencia sexa máis sinxela.
21. Dispoñer cadeiras de altura axeitada, con respaldo e apoiabrazos para un traslado máis sinxelo.
22. Utilizar varandas laterais de lonxitude e altura axeitadas para evitar caídas da cama, se é necesario.
23. Dispoñer que o asento da cadeira sexa envolvente para limitar a mobilidade, se procede.
24. Colocar unha cuña de escuma no asento da cadeira para evitar que o paciente se erga, se procede.
25. Proporcionarlle ao paciente dependente medios de solicitude de axuda (timbre ou luz de chamada) cando o coidador estea ausente.
26. Retirar os mobles baixos (bancos e mesas) que supoñan un risco de tropezóns.
27. Evitar a presenza de obxectos desordenados na superficie do chan.
28. Dispoñer unha iluminación axeitada para aumentar a visibilidade.
29. Dispoñer luz nocturna na mesa de noite.
30. Dispoñer varandas e apoiamáns visibles.
31. Colocar portas nos accesos que conduzan a escaleiras.
32. Dispoñer superficies de chan antiesvarantes, anticaídas.
33. Dispoñer unha superficie antiesvarante na bañeira ou na ducha.

34. Dispoñer banquetas para camiñar firmes e antiesvarantes (andadores) para facilitar o movemento ao alcanzar obxectos.
35. Dispoñer mobles firmes que non caian se se utilizan como apoio.
36. Orientar o paciente sobre a orde física do cuarto.
37. Asegurar que o paciente leve zapatos que se axusten correctamente, firmemente atados e con solas antiesvarantes.
38. Instruír o paciente para que leve os lentes prescritos, se procede, ao saír da cama.
39. Educar os membros da familia sobre os factores de risco que contribúen ás caídas e como diminuír os devanditos riscos.
40. Suxerir adaptacións no fogar para aumentar a seguridade.
41. Instruír a familia sobre a importancia dos pasamáns en escaleiras, baños e corredores.
42. Axudar a familia a identificar os perigos do fogar e a modificalos.
43. Suxerir calzado seguro.
44. Desenvolver maneiras para que o paciente participe de forma segura en actividades de ocio.
45. Colaborar con outros membros do equipo de coidados sanitarios para minimizar os efectos secundarios dos medicamentos que contribúen á posibilidade de caídas (hipotensión ortostática e andar inestable).

Prevención de úlceras por presión 3540

Definición: prevención da formación de úlceras por presión nun individuo con alto risco de desenvolvelas.

Actividades:

1. Utilizar unha ferramenta de valoración de risco establecida para valorar os factores de risco do individuo (escala de Braden).
2. Utilizar métodos de medición da temperatura corporal para determinar o risco de úlceras de presión, segundo protocolo do centro.
3. Animar o individuo a non fumar e a evitar a inxestión de alcohol.
4. Documentar calquera incidencia anterior de formación de úlceras por presión.
5. Documentar o peso e os cambios de peso.
6. Vixiar estreitamente calquera zona arrubiada.
7. Eliminar a humidade excesiva na pel causada pola transpiración, a drenaxe de feridas e a incontinencia fecal ou urinaria.
8. Aplicar barreiras de protección, como cremas ou compresas absorbentes, para eliminar o exceso de humidade, se procede.
9. Dar a volta continuamente cada 1-2 horas, se procede.
10. Dar a volta con coidado (p. ex.: evitar golpes) para evitar lesións nunha pel fráxil.
11. Colocar o programa de xiros ao pé de cama, se procede.
12. Inspeccionar a pel das prominencias óseas e demais puntos de presión ao cambiar de posición, polo menos unha vez ao día.
13. Evitar dar masaxes nos puntos de presión arrubiada.
14. Colocar o paciente en posición, axudándose con almofadas para elevar os puntos de presión enriba do colchón.
15. Manter a roupa de cama limpa e seca e sen engurras.
16. Facer a cama con dobras para os dedos dos pés.
17. Utilizar camas e colchóns especiais, se procede.
18. Utilizar mecanismos na cama (badana) para protexer o individuo.
19. Evitar mecanismos de tipo flotador para a zona sacra.
20. Humedecer a pel seca, intacta.
21. Evitar a auga quente e utilizar unha xabón suave para o baño.
22. Vixiar as fontes de presión e de fricción.
23. Aplicar protectores para os cóbados e os talóns, se procede.
24. Controlar a mobilidade e a actividade do individuo.
25. Asegurar unha nutrición axeitada; especialmente proteínas, vitaminas B e C, ferro e calorías por medio de suplementos, se é preciso.
26. Axudarlle ao individuo a manter un peso saudable.
27. Ensinarlles aos membros da familia/coidador a vixiar se hai signos de rotura da pel, se procede.

Terapia de deglutición 1860

Definición: facilitar a deglutición e previr as complicacións dunha deglutición defectuosa.

Actividades:

1. Determinar a capacidade do paciente para centrar a súa atención na aprendizaxe/realización das tarefas de inxestión e deglutición.
2. Retirar os factores de distracción do ambiente antes de traballar co paciente na deglutición.
3. Dispoñer intimidade para o paciente, segundo se desexe ou se indique.
4. Colocarse de tal forma que o paciente poida ver e escoitar o coidador.
5. Explicarlle o fundamento do réxime de deglutición ao paciente/familia.
6. Colaborar co foniatra para lle ensinar á familia do paciente o réxime de exercicios de deglutición.
7. Evitar o uso de pallas para beber.
8. Axudarlle ao paciente a sentar nunha posición erecta (o máis preto posible dos 90º) para a alimentación/exercicio.
9. Axudarlle ao paciente a colocar a cabeza flexionada cara a diante, en preparación para a deglutición (queixo metido).
10. Proporcionarlle un chupachús ao paciente para que succione e así fomentar a fortaleza da lingua, se non existe contraindicación.
11. Axudar a manter unha posición sentada durante 30 minutos despois de rematar de comer.
12. Ensinarlle ao paciente que abra e peche a boca, en preparación para a manipulación da comida.
13. Ensinarlle ao paciente a non falar mentres come, se procede.
14. Axudarlle ao paciente a colocar a comida na parte posterior da boca e no lado non afectado.
15. Observar se hai signos e/ou síntomas de aspiración.
16. Vixiar os movementos da lingua do paciente mentres come.
17. Observar o selado dos labios ao comer, beber e tragar.
18. Observar se hai signos de fatiga ao comer, beber e tragar.
19. Proporcionar un período de descanso antes de comer/facer exercicio para evitar unha fatiga excesiva.
20. Ensinarlle á familia/coidador a cambiar de posición, alimentar e vixiar o paciente.
21. Ensinarlle á familia/coidador as necesidades nutricionais, en colaboración co dietista e as modificacións dietéticas.
22. Ensinarlle á familia/coidador as medidas de emerxencia para os afogos.
23. Ensinarlle á familia/coidador a comprobar se quedaron restos de comida despois de comer.
24. Proporcionar instrucións escritas, se procede.
25. Proporcionar/vixiar a consistencia da comida/líquido baseándose nos descubrimentos do estudo a deglutición.
26. Axudar a manter a inxestión calorífica e de líquidos axeitada.
27. Controlar o peso corporal.
28. Vixiar a hidratación corporal (inxestión, saída, turxencia da pel e membranas mucosas).
29. Proporcionar coidados bucais, se é necesario.

Terapia de exercicios: ambulación 0221

Definición: estímulo e asistencia na deambulación para manter ou restablecer as funcións corporais autónomas e voluntarias durante o tratamento e recuperación dunha enfermidade ou lesión.

Actividades:

1. Vestir o paciente con roupa cómoda.
2. Aconsellar que use un calzado que facilite a deambulación e evite lesións.
3. Animar o paciente a sentar na cama, nun lado da cama ou nunha cadeira, segundo tolerancia.
4. Axudarlle ao paciente a sentar nun lado da cama para facilitar os axustes posturais.
5. Consultar co fisioterapeuta acerca do plan de deambulación, se é preciso.
6. Instruír acerca da dispoñibilidade de dispositivos de axuda, se corresponde.
7. Ensinarlle ao paciente a colocarse na posición correcta durante o proceso de traslado.
8. Axudarlle ao paciente no traslado, cando sexa necesario.
9. Colocar tarxetas con instrucións na cabeceira da cama para facilitar a aprendizaxe acerca dos traslados.
10. Aplicar/proporcionar un dispositivo de axuda (bastón, muletas ou cadeira de rodas, etc.) para deambulación se o paciente non camiña ben.
11. Axudarlle ao paciente coa deambulación inicial, se é necesario.
12. Insistirlle ao paciente/coidador acerca das técnicas de traslado e deambulación seguras.
13. Vixiar a utilización por parte do paciente de muletas ou outros dispositivos de axuda ao andar.
14. Axudarlle ao paciente a establecer aumentos de distancias realistas coa deambulación.
15. Fomentar unha deambulación independente dentro dos límites da seguridade.
16. Animar o paciente a que estea levantado pola súa propia vontade, se procede.

Terapia de exercicios: mobilidade articular 0224

Definición: realizar movementos corporais activos ou pasivos para manter ou restablecer a flexibilidade articular.

Actividades:

1. Determinar as limitacións do movemento articular e actuar sobre a función.
2. Colaborar con fisioterapia no desenvolvemento e execución dun programa de exercicios.
3. Determinar o nivel de motivación do paciente para manter ou restablecer o movemento articular.
4. Explicarlle ao paciente/familia o obxectivo e o plan de exercicio das articulacións
5. Determinar a localización e a natureza da molestia ou dor durante o movemento/ actividade.
6. Poñer en marcha medidas de control da dor antes de comezar o exercicio das articulacións.
7. Vestir o paciente con roupa cómoda.
8. Protexer o paciente de traumas durante o exercicio.
9. Axudarlle ao paciente a colocarse na posición óptima para o movemento articular pasivo/ activo.
10. Fomentar a realización de exercicios de arco de movemento de acordo cun programa regular, planificado.
11. Ensinarlle ao paciente/familia a realizar de forma sistemática os exercicios de arco de movemento pasivos ou activos.
12. Fomentar sentar na cama, nun lado da cama ou nunha cadeira, segundo tolerancia.
13. Fomentar a deambulación, se resulta oportuno.
14. Dar un apoio positivo ao realizar os exercicios das articulacións.

Vestir 1630

Definición: elixir, poñer e quitarlle as roupas a unha persoa que non pode realizar tal actividade en por si.

Actividades:

1. Identificar as áreas nas que o paciente necesita axuda para se vestir.
2. Observar a capacidade do paciente para vestirse.
3. Vestir o paciente despois de completar a hixiene persoal.
4. Fomentar a súa participación na elección da vestimenta.
5. Fomentar o uso de mecanismos para o autocoidado, se procede.
6. Vestir a extremidade afectada primeiro, se procede.
7. Vestir o paciente con roupas que non lle aperten.
8. Cambiar a roupa do paciente ao deitarse.
9. Elixir os zapatos/zapatillas que faciliten un camiñar ou deambulación seguros.
10. Proporcionar asistencia ata que o paciente sexa totalmente capaz de responsabilizarse e de vestirse por si mesmo.

Vixilancia 6650

Definición: recompilación, interpretación e síntese obxectiva e continuada dos datos do paciente para a toma de decisións clínicas.

Actividades:

1. Determinar o risco da saúde do paciente, se procede.
2. Obter información sobre a conduta e as rutinas normais.
3. Preguntarlle ao paciente pola percepción do seu estado de saúde.
4. Seleccionar os índices adecuados do paciente para a vixilancia continuada, en función da condición do paciente.
5. Establecer a frecuencia de recollida e interpretación dos datos, segundo o indique o estado do paciente.
6. Interpretar o resultado das probas de diagnóstico, se procede.
7. Retirar e interpretar os datos de laboratorio; poñerse en contacto co médico, se procede.
8. Explicarlle o resultado das probas diagnósticas ao paciente e á familia.
9. Observar a capacidade do paciente para realizar as actividades de autocoidado.
10. Comprobar o estado neurolóxico.
11. Vixiar esquemas de comportamento.
12. Controlar o estado emocional.
13. Vixiar signos vitais, se procede.
14. Comprobar o nivel de comodidade e tomar as accións correspondentes.
15. Observar estratexias de resolución de problemas utilizadas polo paciente e a familia.
16. Controlar os cambios no esquema de sono.
17. Valorar periodicamente o estado da pel nos pacientes de alto risco.
18. Observar se hai signos e síntomas de desequilibrio de líquidos e electrólitos.
19. Observar se hai infección, se procede.
20. Comprobar o estado nutricional, se procede.
21. Comprobar a función gastrointestinal, se procede.
22. Vixiar o patrón de eliminación, se procede.
23. Observar se hai tendencias hemorráxicas nos pacientes de alto risco.
24. Comparar o estado actual co estado previo para detectar as mellorías e deterioracións na condición do paciente.
25. Consultar co médico cando os datos do paciente indiquen unha necesidade de cambio de terapia médica.
26. Establecer o tratamento adecuado, de acordo co protocolo do centro.
27. Establecer a prioridade de acción, en función do estado do paciente.
28. Analizar as ordes médicas xunto co estado do paciente para garantir a súa seguridade.
29. Consultar co coidador correspondente para iniciar un novo tratamento ou cambiar os tratamentos existentes.

Vixilancia da pel 3590

Definición: recollida e análise de datos do paciente, co propósito de manter a integridade da pel e das membranas mucosas.

Actividades:

1. Inspeccionar a súa cor, calor, pulsos, textura e se hai inflamación, edema e ulceracións nas extremidades.
2. Observar se hai arrubiamento, calor extrema ou drenaxe da pel e membranas mucosas.
3. Observar se hai arrubiamento e perda de integridade da pel.
4. Observar se hai fontes de presión ou fricción.
5. Observar se hai infeccións, especialmente nas zonas edematosas.
6. Observar se hai zonas de descoloración e mazaduras na pel e nas membranas mucosas.
7. Observar se hai erupcións e abrasións na pel.
8. Observar se hai excesiva sequidade ou humidade na pel.
9. Observar se a roupa queda axustada.
10. Vixiar a cor da pel.
11. Comprobar a temperatura da pel.
12. Tomar nota dos cambios na pel e membranas mucosas.
13. Instaurar medidas para evitar maior deterioración, se é necesario.
14. Instruír o membro da familia/coidador acerca dos signos de perda de integridade da pel, se procede.

Vixilancia: seguridade 6654

Definición: reunión obxectiva e continuada e análise da información acerca do paciente e do ambiente, para utilizala na promoción e no mantemento da seguridade.

Actividades:

1. Observar se hai alteracións da función física ou cognitiva do paciente que poidan conducir a unha conduta insegura.
2. Vixiar o ambiente para ver se hai perigo potencial para a seguridade.
3. Determinar o grao de vixilancia requirido polo paciente, en función do nivel de funcionamento e dos perigos presentes no ambiente.
4. Proporcionar o nivel adecuado de supervisión/vixilancia para vixiar o paciente e permitir as accións terapéuticas, se é necesario.
5. Comunicarlles a información acerca do risco do paciente aos outros membros do persoal de coidados.

ANEXO 2. Escalas de valoración

Escala de Braden 124
Índice de Barthel, modificado 126
Escala de Lawton e Brody 127
Test cognitivo de Pfeiffer 128
Mini-exame cognoscitivo de Lobo 129
Test do informador (TIN) curto 130
Escala de dor EVA 131
Escala de Goldberg 132
Test de Yesavage 133
Escala de sobrecarga do coidador de Zarit 134
Escala Gijón de valoración socio-familiar no ancián 135

ESCALA DE BRADEN PARA A PREDICIÓN DO RISCO DE ÚLCERAS POR PRESIÓN

PERCEPCIÓN SENSORIAL Capacidade para reaccionar ante unha molestia relacionada coa presión.	**1. Completamente limitada** Ao ter diminuído o nivel de conciencia ou estar sentado, o paciente non reacciona ante estímulos dolorosos (queixándose, estremecéndose ou agarrándose) ou capacidade limitada de sentir dor na maior parte do seu corpo.	**2. Moi limitada** Reacciona só ante estímulos dolorosos. Non pode comunicar o seu malestar, agás mediante laios ou axitación ou presenta un déficit sensorial que limita a capacidade de percibir dor ou molestias en máis da metade do corpo.	**3. Lixeiramente limitada** Reacciona ante ordes verbais, pero non sempre pode comunicar as súas molestias ou a necesidade de que o cambien de posición ou presenta algunha dificultade sensorial que limita a súa capacidade para sentir dor ou malestar en, polo menos, unha das extremidades.	**4. Sen limitacións** Responde a ordes verbais. Non presenta déficit sensorial que poida limitar a súa capacidade de expresar ou sentir dor ou malestar.
EXPOSICIÓN Á HUMIDADE Nivel de exposición da pel á humidade.	**1. Constantemente húmida** A pel atópase constantemente exposta á humidade por: sudoración, ouriños, etc. Detéctase humidade cada vez que se move ou xira o paciente.	**2. A miúdo húmida** A pel está a miúdo, pero non sempre, húmida. A roupa de cama hase de cambiar, polo menos, unha vez en cada quenda.	**3. Ocasionalmente húmida** A pel está ocasionalmente húmida e require un cambio suplementario de roupa de cama aproximadamente unha vez ao día.	**4. Raramente húmida** A pel está xeralmente seca. A roupa de cama cámbiase de acordo cos intervalos fixados para os cambios de rutina.
ACTIVIDADE Nivel de actividade física.	**1. Encamado/a** Paciente constantemente encamado.	**2. En cadeira** Paciente que non pode andar ou con deambulación moi limitada. Non pode soster o seu propio peso e/ou necesita axuda para pasar a unha cadeira ou a unha cadeira de rodas.	**3. Deambula ocasionalmente** Deambula ocasionalmente, con ou sen axuda, durante o día pero para distancias moi curtas. Pasa a maior parte das horas diúrnas na cama ou nunha cadeira.	**4. Deambula frecuentemente** Deambula fóra do cuarto polo menos dúas veces ao día e dentro do cuarto, polo menos dúas horas durante as horas de paseo.
MOBILIDADE Capacidade para cambiar e controlar a posición do corpo.	**1. Completamente inmóbil** Sen axuda non pode realizar ningún cambio da posición do corpo ou dalgunha extremidade.	**2. Moi limitada** Ocasionalmente, efectúa lixeiros cambios na posición do corpo ou das extremidades por si só/a.	**3. Lixeiramente limitada** Efectúa con frecuencia lixeiros cambios na posición do corpo ou das extremidades por si só/a.	**4. Sen limitacións** Efectúa frecuentemente importantes cambios de posición sen axuda.

NUTRICIÓN Patrón usual de inxestión de alimentos	**1. Moi pobre** Nunca inxire unha comida completa. Raramente toma máis dun terzo de calquera alimento que se lle ofreza. Diariamente come dous servizos ou menos con achega proteica (carne ou produtos lácteos). Bebe poucos líquidos. Non toma suplementos dietéticos líquidos ou está en xaxún e/ou en dieta líquida ou soros máis de cinco días.	**2. Probablemente inadecuada** Raramente come comida completa e xeralmente come só a metade dos alimentos que se lle ofrecen. A inxestión proteica inclúe só tres servizos de carne ou produtos lácteos por día. Ocasionalmente, toma un suplemento dietético ou recibe menos que a cantidade óptima dunha dieta líquida ou por sonda nasogástrica.	**3. Axeitada** Toma máis da metade da maioría de comidas. Come un total de catro servizos ao día de proteínas (carne ou produtos lácteos). Ocasionalmente, pode rexeitar unha comida pero tomará un suplemento dietético se se lle ofrece ou recibe nutrición por sonda nasogástrica ou por vía parenteral, cubrindo a maioría das súas necesidades nutricionais.	**4. Excelente** Inxire a maior parte de cada comida. Nunca rexeita unha comida. Habitualmente, come un total de 4 ou máis servizos de carne e/ ou produtos lácteos. Ocasionalmente, come entre horas. Non require de suplementos dietéticos.

ROZAMENTO E PERIGO DE LESIÓNS CUTÁNEAS	**1. Problema** Require de moderada a máxima asistencia para ser movido. É imposible levantalo/a completamente sen que se produza un esvaramento entre as sabas. Frecuentemente, escorrega cara a abaixo na cama ou nunha cadeira e require de frecuentes reposicionamentos con máxima axuda. A existencia de espasticidade, contracturas ou axitación producen un rozamento case constante.	**2. Problema potencial** Móvese moi debilmente ou require de mínima asistencia. Durante os movementos, a pel probablemente roza contra parte das sabas, cadeira, sistemas de suxeición ou outros obxectos. A maior parte do tempo mantén relativamente unha boa posición na cadeira ou na cama, aínda que en ocasións pode esvarar cara a abaixo.	**3. Non existe problema aparente** Móvese na cama e na cadeira con independencia e ten suficiente forza muscular para levantarse completamente cando se move. En todo momento mantén unha boa posición na cama ou na cadeira.

VALORACIÓN:

ALTO RISCO	Puntuación total ≤ **12**
RISCO MODERADO	Puntuación total **13 -14 puntos**
RISCO BAIXO	Puntuación total **15 -16** se menor de 75 anos ou de **15 -18** se maior ou igual a 75 anos

Índice de Barthel, modificación de Granger, con 15 actividades e 3 niveis de puntuación.

Índice de autocoidado		Independencia	Con axuda	Dependencia
1.	Beber dun vaso	4	0	0
2.	Comer	6	0	0
3.	Vestirse de cintura para arriba	5	3	0
4.	Vestirse de cintura para abaixo	7	4	0
5.	Colocarse prótese ou aparato ortopédico	0	-2	0
6.	Aseo persoal	5	0	0
7.	Lavarse ou bañarse	6	0	0
8.	Control ouriños	10	5	0
9.	Control feces	10	5	0
Índice de mobilidade				
10.	Sentar e erguerse da cadeira	15	7	0
11.	Sentar e erguerse do retrete	6	3	0
12.	Entrar e saír da ducha	1	0	0
13.	Andar 50 metros sen desnivel	15	10	0
14.	Subir e baixar un tramo de escaleiras	10	5	0
15.	Se non anda: move a cadeira de rodas	5	0	0

A versión de Granger considera dous índices diferentes como compoñentes do IB: o í***ndice de autocoidado***, cunha puntuación máxima de 53 puntos e o ***índice de mobilidade***, cun máximo de 47 puntos. A maior puntuación maior independencia. Ambas as dúas puntuacións suman 100 puntos e a súa interpretación é similar ao Barthel orixinal:

0-20: Dependencia total
21-60: Dependencia severa
61-90: Dependencia moderada
91-99: Dependencia escasa
100: Independencia

Por outra parte, tamén se intentou xerarquizar as actividades incluídas no IB segundo a frecuencia con que se observa independencia na súa realización. Segundo os resultados de Granger et al., a orde é a seguinte:

1. Comer
2. Aseo
3. Control de feces
4. Control de ouriños
5. Baño
6. Vestirse
7. Usar o retrete
8. Traslado cama/cadeira.
9. Desprazarse.
10. Subir/baixar escaleiras.

Comer é a actividade na que se observa independencia con máis frecuencia. Este é a orde observada nunha poboación concreta e pode presentar variacións noutros ámbitos.

VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES INSTRUMENTAIS DA VIDA DIARIA
ESCALA DE LAWTON E BRODY

Capacidade para usar o teléfono	• Utiliza o teléfono por iniciativa propia. Busca e marca números **(1)** • É capaz de marcar números ben coñecidos **(1)** • É capaz de contestar ao teléfono, pero non de marcar **(1)** • Non usa o teléfono en absoluto **(0)**
Ir de compras	• Realiza todas as compras necesarias de xeito independente **(1)** • Realiza independentemente pequenas compras **(0)** • Necesita acompañamento para realizar calquera compra **(0)** • É totalmente incapaz de ir comprar **(0)**
Preparación da comida (non entrevistar homes)	• Organiza, prepara e serve as comidas ela mesma axeitadamente **(1)** • É capaz de preparar axeitadamente as comidas, se se lle proporcionan ingredientes **(0)** • Quenta, serve e prepara comidas, pero non mantén unha dieta adecuada **(0)** • Necesita que lle preparen e lle sirvan a comida **(0)**
Coidado da casa (non entrevistar homes)	• É capaz de coidar a casa por si soa ou con axuda ocasional **(1)** • Realiza os labores domésticos lixeiros, como lavar os pratos ou facer as camas **(1)** • Realiza labores lixeiros, pero non pode manter un nivel de limpeza adecuado **(1)** • Necesita axuda en todos os labores da casa **(1)** • Non participa en ningún dos labores da casa **(0)**
Lavado da roupa (non entrevistar homes)	• É capaz de lavar ela soa toda a súa roupa (1) • Lava ela soa pequenas pezas de roupa, aclara calcetíns, etc**. (1)** • Todo o lavado da roupa debe realizalo outra persoa **(0)**
Uso de medios de transporte	• É capaz de viaxar só en transporte público ou de conducir o seu coche **(1)** • É capaz de coller un taxi, pero non utiliza ningún outro medio de transporte **(1)** • Pode viaxar en transporte público cando vai acompañado doutra persoa **(1)** • Ten capacidade para utilizar taxi ou automóbil, pero con axuda doutros **(0)** • Non viaxa en absoluto **(0)**
Responsabilidade sobre a medicación	• É capaz e responsable de tomar a súa medicación á hora adecuada e na dose • correcta **(1)** • Toma responsablemente a súa medicación, se se lle prepara con anticipación **(0)** • Non é capaz de responsabilizarse da súa medicación **(0)**
Manexo de asuntos económicos	• Manexa os asuntos financeiros con independencia. Recolle e recoñece os seus ingresos **(1)** • Manexa os gastos do día a día, pero necesita axuda para ir ao banco o manexar grandes gastos **(1)** • Incapaz de manexar o diñeiro **(0)**
Puntuación	**Mulleres:** 0-1 puntos: Dependencia total 2-3 puntos: Dependencia severa 4-5 puntos: Dependencia moderada 6-7 puntos: Dependencia lixeira 8 puntos: Autónoma **Homes:** 0 puntos: Dependencia total 1 puntos: Dependencia severa 2-3 puntos: Dependencia moderada 4 puntos: Dependencia lixeira 5 puntos: Autónomo

TEST COGNITIVO DE PFEIFFER

1. ¿Que día é hoxe? (día, mes e ano)
2. ¿Que día da semana é hoxe?
3. ¿Onde estamos agora?
4. ¿Cal é o seu número de teléfono? ¿Cal é o seu enderezo? (preguntar só se non ten teléfono)
5. ¿Cantos anos ten?
6. ¿Cal é a data do seu nacemento? (día, mes e ano)
7. ¿Quen é agora o presidente do goberno?
8. ¿Quen foi o anterior presidente do goberno?
9. ¿Cales son os dous apelidos da súa nai?
10. Vaia restando de 3 en 3 ao número 20 ata chegar a 0
Realizar todas as preguntas e anotar os erros, un por pregunta. **Restar un erro se o nivel cultural é baixo.** **Puntuación:** **0-2 erros:** Normal **3-4 erros:** Deterioración cognitiva leve **5-7 erros:** Deterioración cognitiva moderada **8-10 erros:** Deterioración cognitiva importante

MINI-EXAME COGNOSCITIVO DE LOBO

1. Orientación Dígame o: • Día • Data • Mes • Estación • Ano • Lugar • Planta • Cidade • Provincia • Nación	 1 1 1 1 1 1 1 1 1
2. Fixación • Agora, por favor, voulle pedir que repita estas 3 palabras: peseta-cabalo-mazá (repítaas ata que as aprenda e conte o número de intentos). Acórdese delas, porque llas preguntarei dentro dun anaco.	3
3. Concentración e cálculo • Se ten trinta pesetas e me vai dando de 3 en 3, ¿cantas lle van quedando? - Repita os números que lle vou dicir: 5-9-2 (ata que os aprenda e conte o número de intentos). • Agora repita os números cara a atrás, empezando polo último.	 5 3
4. Memoria • ¿Recorda as 3 palabras que lle dixen antes?	 3
5. Linguaxe e construción • Mostrar un bolígrafo, ¿que é isto? • Repetilo cun reloxo, ¿que é isto? • Repita esta frase: "nun trigal había cinco cans". - Unha mazá e unha pera son froitas, ¿verdade? Parécense en que son froitas. • ¿Que son (ou en que se parecen) o vermello e o verde? • ¿Que son (ou en que se parecen) un can e un gato? • Colla este papel coa man dereita, dóbreo pola metade e póñao enriba da mesa (1 punto por cada acción correcta). • Lea isto e faga o que di: peche os ollos. • Escriba unha frase (algo que teña sentido). • Copie este debuxo. 	 1 1 1 1 1 3 1 1 1
PUNTUACIÓN TOTAL	

Puntuación máxima 35. A partir de 23, indica deterioración cognitiva.

TEST DO INFORMADOR (TIN) CURTO

PARA CUBRIR UN FAMILIAR OU PERSOA PRÓXIMA

Recorde, por favor, como era o seu parente hai 10 anos e compare como está neste momento. Conteste se houbo algún cambio ao longo destes anos na capacidade do seu parente para cada un dos aspectos que lle preguntamos a continuación:


	Pregunta	Puntuación
1.	Capacidade para recordar os nomes das persoas máis achegadas (parentes, amigos).	
2.	Recordar cousas que sucederon recentemente, nos últimos 2 ou 3 meses (noticias, cousas propias ou dos seus familiares).	
3.	Recordar que se falou nunha conversación mantida uns días atrás.	
4.	Esquecer o que se dixo uns minutos antes, pararse na metade da frase e non saber o que ía dicir, repetir o que dixo hai un anaco.	
5.	Recordar a data na que vive.	
6.	Coñecer o lugar exacto dos armarios da súa casa e onde se gardan as cousas.	
7.	Saber onde se coloca unha cousa que se atopou descolocada.	
8.	Capacidade para aprender a facer funcionar un aparato novo (lavadora, tocadiscos, radio...).	
9.	Recordar as cousas que sucederon recentemente (en xeral).	
10.	Aprender cousas novas (en xeral).	
11.	Comprender o significado de palabras pouco usuais (do xornal, da televisión, conversacións).	
12.	Entender artigos dos xornais ou revistas nos que está interesado.	
13.	Seguir unha historia dun libro, da prensa, do cinema, da radio ou da televisión.	
14.	Tomar decisións en cuestións cotiás (que traxe poñer, que comida preparar) e en asuntos a máis longo prazo (onde ir de vacacións ou investir o diñeiro)	
15.	Manexar os asuntos financeiros (cobrar a pensión, pagar os impostos, tratar co banco).	
16.	Manexar outros problemas aritméticos cotiáns (tempo entre visitas dos familiares, canta comida comprar e preparar, especialmente se hai invitados).	
17.	¿Cre que a súa intelixencia (en xeral) cambiou durante os últimos 10 anos?	
Total:		

Criterios de puntuación:


Mellorou moito 1
Mellorou un pouco 2
Case sen cambios 3
Empeorou un pouco 4
Empeorou moito 5

*** Puntuación total 85 puntos**
*** Probable deterioración cognitiva a partir de 57 puntos**

ESCALA DE DOR EVA (escala visual analóxica)



smith&nephew



Sombree as áreas onde sinta dor

CRIBADO ANSIEDADE DEPRESIÓN ESCALA DE GOLDBERG

A continuación, se non lle importa, gustaríame facerlle unhas preguntas para saber se tivo nas dúas últimas semanas algún dos seguintes síntomas.
Non se puntuarán os síntomas de duración inferior a dúas semanas ou que sexan de leve intensidade.

SUBESCALA DE ANSIEDADE

1. ¿Sentiuse moi excitado, nervioso ou en tensión?
2. ¿Estivo moi preocupado por algo?
3. ¿Sentiuse moi irritable?
4. ¿Tivo dificultade para relaxarse?

Se hai 2 ou máis respostas afirmativas, continuar preguntando:

5. ¿Durmiu mal, tivo dificultades para durmir?
6. ¿Tivo dores de cabeza ou caluga?
7. ¿Tivo algún dos seguintes síntomas: tremores, formigos, mareos, suores, diarrea? (síntomas vexetativos)
8. ¿Estivo preocupado pola súa saúde?
9. ¿Tivo algunha dificultade para conciliar o sono, para quedar durmido?

SUBESCALA DE DEPRESIÓN

1. ¿Sentiuse con pouca enerxía?
2. ¿Perdeu vostede o seu interese polas cousas?
3. ¿Perdeu a confianza en si mesmo?
4. ¿Sentiuse vostede desesperanzado, sen esperanzas?

Se hai respostas afirmativas a calquera das preguntas anteriores, continuar preguntando

5. ¿Tivo dificultades para concentrarse?
6. ¿Perdeu peso? (a causa da súa falta de apetito)
7. ¿Estivo espertando demasiado cedo?
8. ¿Sentiuse vostede enlentecido?
9. ¿Cre vostede que tivo tendencia a atoparse peor polas mañás?

Cada unha das subescalas estrutúranse en catro ítems iniciais de despistaxe para determinar se é ou non probable que exista un trastorno mental e un segundo grupo de cinco ítems que se formulan só se se obteñen respostas positivas ás preguntas de despistaxe (dúas ou máis na subescala de ansiedade e unha ou máis na subescala de depresión).

Os puntos de corte son ≥ 4 para a escala de ansiedade e ≥ 2 para a de depresión. En poboación xeriátrica propúxose o seu uso como escala única, cun punto de corte≥ 6.

ESCALA DE DEPRESIÓN XERIÁTRICA
TEST DE YESAVAGE

Rodear cun círculo a resposta

1. ¿Está basicamente satisfeito coa súa vida?		SI	X	NON
2. ¿Deixou abandonadas moitas actividades e intereses?	X	SI		NON
3. ¿Sente que a súa vida está baleira?	X	SI		NON
4. ¿Séntese a miúdo aburrido?	X	SI		NON
5. ¿Está de bo talante a maior parte do tempo?		SI	X	NON
6. ¿Ten medo de que lle suceda algo malo?	X	SI		NON
7. ¿Séntese feliz a maior parte do tempo?		SI	X	NON
8. ¿Séntese a miúdo sen esperanza?	X	SI		NON
9. ¿Prefire quedar na casa máis que saír a facer cousas novas?	X	SI		NON
10. ¿Pensa que ten máis problemas de memoria que a maioría?	X	SI		NON
11. ¿Cre que é marabilloso estar vivo?		SI	X	NON
12. ¿Pensa que non vale para nada tal como está agora?	X	SI		NON
13. ¿Pensa que a súa situación é desesperada?	X	SI		NON
14. ¿Séntese cheo de enerxía?		SI	X	NON
15. ¿Cre que a maioría da xente está mellor ca vostede?	X	SI		NON

As respostas marcadas cunha X son as que se contabilizan como erróneas e, en función do número de respostas erróneas, a valoración sería (é dicir n.º de respostas marcadas cunha X e rodeadas cun círculo):

0 - 5	Normal
6 - 10	Depresión moderada
> 10	Depresión severa

ESCALA DE SOBRECARGA DO COIDADOR DE ZARIT

Instrucións: A continuación, preséntase unha lista de afirmacións nas cales se reflicte como se senten, ás veces, as persoas que coidan outra persoa. Despois de ler cada afirmación, debe indicar con que frecuencia se se sente vostede así: nunca, raramente, algunhas veces, bastante a miúdo e case sempre. Á hora de responder, pense que non existen respostas acertadas ou equivocadas, senón tan só a súa experiencia.

0 = Nunca	1 = Raramente	2 = Algunhas veces	3 = Bastante a miudo	4 = Case sempre

1. ¿Pensa que o seu familiar lle pide máis axuda da que realmente necesita?	0	1	2	3	4
2. ¿Pensa que debido ao tempo que lle dedica ao seu familiar non ten suficiente tempo para vostede?	0	1	2	3	4
3. ¿Séntese sufocado por intentar compatibilizar o coidado do seu familiar con outras responsabilidades (traballo, familia)?	0	1	2	3	4
4. ¿Sente vergoña pola conduta do seu familiar?	0	1	2	3	4
5. ¿Séntese enfadado cando está preto do seu familiar?	0	1	2	3	4
6. ¿Pensa que coidar do seu familiar afecta negativamente a relación que vostede ten con outros membros da súa familia?	0	1	2	3	4
7. ¿Ten medo polo futuro do seu familiar?	0	1	2	3	4
8. ¿Pensa que o seu familiar depende de vostede?	0	1	2	3	4
9. ¿Séntese tenso cando está preto do seu familiar?	0	1	2	3	4
10. ¿Pensa que a súa saúde empeorou debido a que ten que coidar do seu familiar?	0	1	2	3	4
11. ¿Pensa que non ten tanta intimidade como lle gustaría debido a ter que coidar do seu familiar?	0	1	2	3	4
12. ¿Pensa que a súa vida social se viu afectada negativamente por ter que coidar o seu familiar?	0	1	2	3	4
13. ¿Séntese incómodo por distanciarse das súas amizades, debido a que ten que coidar do seu familiar?	0	1	2	3	4
14. ¿Pensa que o seu familiar o considera a vostede a única persoa que o pode coidar?	0	1	2	3	4
15. ¿Pensa que non ten suficientes ingresos económicos para os gastos de coidar o seu familiar, ademais dos seus outros gastos?	0	1	2	3	4
16. ¿Pensa que non será capaz de coidar o seu familiar por moito máis tempo?	0	1	2	3	4
17. ¿Sente que perdeu o control da súa vida dende que comezou a enfermidade do seu familiar?	0	1	2	3	4
18. ¿Desexaría poder deixar o coidado do seu familiar a outra persoa?	0	1	2	3	4
19. ¿Séntese indeciso sobre que facer co seu familiar?	0	1	2	3	4
20. ¿Pensa que debería facer máis polo seu familiar?	0	1	2	3	4
21. ¿Pensa que podería coidar mellor o seu familiar?	0	1	2	3	4
22. Globalmente, ¿que grao de "carga" experimenta polo feito de coidar o seu familiar?	0	1	2	3	4

Puntuación:

<46 puntos	**Non sobrecarga**
46 a 56 puntos	**Sobrecarga leve**
>56 puntos	**Sobrecarga intensa**

ESCALA GIJÓN DE VALORACIÓN SOCIOFAMILIAR NO ANCIÁN

Recolle cinco áreas de valoración: situación familiar, situación económica, vivenda, relacións sociais e apoio das redes sociais.

Puntuación:

De 5 a 9	Boa/aceptable situación social
De 10 a 14	Existe risco social
Máis de 15	Problema social

A- SITUACIÓN FAMILIAR:	
1. Vive con familia sen dependencia físico/psíquica.	
2. Vive con cónxuxe de similar idade.	
3. Vive con familia e/ou cónxuxe e presenta algún grao de dependencia.	
4. Vive só e ten fillos próximos.	
5. Vive só e carece de fillos ou viven afastados.	

B- SITUACIÓN ECONÓMICA[6]:	
1. Máis de 1,5 veces o salario mínimo.	
2. Dende 1,5 veces o salario mínimo ata o salario mínimo exclusive.	
3. Dende o salario mínimo a pensión mínima contributiva.	
4. LISMI – FAS - Pensión non contributiva.	
5. Sen ingresos ou inferiores ao apartado anterior.	

C- VIVENDA:	
1. Axeitada ás necesidades.	
